

# Rosperpento

C.P. Campodongo

Pontevedra



Xuño. 1996  
Número 14

Hai que estudia-lo noso  
pasado para facer unha  
historia seria de Galicia.




Zapu

Amador

Carlos

Bravo.



# Sumario



COVARDIA

## Por Secciones

<b>Editorial</b> .....	2
<b>Celebrando</b> .....	5
<b>Nadal</b> .....	6
<b>Día da Paz</b> .....	9
<b>Entroido</b> .....	18
<b>Os Maios</b> .....	30
<b>Festa das Letras Galegas</b> .....	32
<b>Novas</b> .....	43
<b>Entrevistas</b> .....	51
<b>Opinando</b> .....	55
<b>Fantaseando</b> .....	60
<b>Ecoloxía</b> .....	70
<b>Investigando</b> .....	74
<b>Creando</b> .....	94
<b>¡Aulas Fóra!</b> .....	108
<b>Homenaxe</b> .....	116
<b>Protagonistas</b> .....	117
<b>Brincadeiras</b> .....	118
<b>Deportes</b> .....	121

\*\*\*\*\*

**Mesa de Redacción:** Colectivo oitavo. Eduardo M. Seco.

**Diseño Seccións:** René Valiñas, Rubén Trujillo, Carolina Rojo.

**Portada:** Gonzalo Sánchez, Carlos Mariño, Borja Franza, Bruno Torres.

**Contraportada:** María Fernández.

**Ordenador:** Telmo Calle, Manuel Gómez, Raquel Maigler, Sabela Maceda, Carlos Guerra, Ernesto Cebrián, Patricia Sixto, María Xesús Vázquez, Marta Dopico, David Cordero, Adriana Díaz Iago Abilleira, Paulo González, Maloles Martín, Xiana Bueno, Patricia Novas, Francisco López, Rafael Luaces, Sofía Aldatz, Paula de la Vega, Xaime Vidal.


**Colaboración:** Marina Paz, Sara López, Tiberio Arias.

**Agradecemento:** Ós profes que animaron nas aulas a "esperpentear".

A ti, lector/a amigo/a, que podes recrear **Esperpento**  
96 e darrle sentido ó noso esforzo colectivo.

**Corrección lingüística e Coordinación xeral:** Eduardo M. Seco.

\*\*\*\*\*



**P**or fin nós chegamos á cima da carreira final. Acabouse a nosa infancia, áinda que non para todos. E iso dános moita mágoa. En todos estes anos non só cambiamos no aspecto físico, senón tamén na forma de pensar. E así cambiaron os nosos soños e pesadelos; as nosas ambicións aumentaron, a meta de chegar a oitavo xa é real e transformouse para algúns nun medo a non encaixar no novo ambiente, para outros nun novo mundo que explorar. Este mundo que aterra ou emociona é o instituto.

Oito anos pasaron xa desde a primeira vez que entrámos no colexio. Agóra sómo-los maiores e pasaremos a se-los novatos dun novo colexio moito máis grande.

Estamos tristes porque no colelio deixamos amigos, amigas e moitísimos recordos, que xa son parte de nós. Teremos que facer novas amizades e comenzar unha nova vida. Será un reto.

Cando comezamos, todos estabamos ledos porque íamos ó cole e xa éramos maiores. Ó chegar a 4º e 5º, xa non nos gustaba ir á clase. En 6º e 7º estabamos deseñando remata-la E.X.B.

Pero nunca nos paramos a pensar que estas nenas e nenos cos que pasamos exames, festas e festivais do colexio, entrega de notas... son compañeiros de toda a vida. Ó mellor alguén non empezou en primeiro, pero tanto ten, con eles compartimos cousas boas e malas. A maioría fomos este ano xuntos á excursión e convivimos unha semana; e se te pos a pensar

pode que este ano sexa o derradeiro que os ves.

Xa sabemos que deberiamos pensar máis nas cousas boas, pero de vez en cando hai que pensar no futuro. Moitos iremos ó mesmo instituto, pero non será coma aquí. Outros irán a institutos distintos, a formación profesional e quizais non volvan ve-los seus amigos nin estas paredes tan cheíñas de chuletas por todas partes, estes pupitres con chicles pegados por baixo e ese patio por onde tanto xogamos de pequenos.

Isto marcará a nosa vida porque, creámolo ou non, deixaremos de ir pola man, empezaremos a ser homes e mulleres.

Pasar de mangallóns a ananos, duns profesores a outros, pode ser moi duro. Esperamos ter sorte cos novos profesores, que poden ser mellores ou moito peores cós deste colexio. Oxalá non fracasemos no intento.

## **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

A pesar dos avances do galego nalgúns campos: ensino radio e televisión galegos, algúns outros oficiais... estudio da Real Academia Galega confirma que o galego está perdendo peso como lingua inicial, como lingua que se aprende na familia. O galego como asignatura tompouco fai falantes ; tamén se estudia o inglés e non se fala cos amigos.



Os maiores, pais e mestres, convértense nos intérpretes e defensores dos nosos dereitos. Nosa nai pídenos que ó menos probemos unha comida que non lle gusta a ela e obríganos a comer moito do que a ela lle encanta. Pensan outros que o galego é unha moda horrible, pídenos que o probemos pero atrácnos de castelán. Pensan que nos favorecen e están imponiéndonos as súas ideas moi particulares.

A estas alturas deberiamos dominar as dúas línguas -castelán e galego- por igual. É de lei. Outro estudio confirma que a competencia dos escolares en galego está 40 puntos por debajo da competencia en castelán, ¿Cal será a nosa? Seguro que moitísimo máis baixa porque non sabemos falar en galego.

¿Que procedería facer para igualar as dúas linguas oficiais? Oímos dicir que o galego e o castelán son en nós como dúas botellas: a do catelán está case chea, e a botella do galego case baldeira. ¿Como iguala-lo nivel das dúas botellas (linguas)? Botando máis auga na botella baldeira, ¿non? Pois esta lóxica aplastante non se aplica, pensamos nós, se se substitúen as dúas botellas polas dúas linguas oficiais, dános libros en castelán porque din que non entendemo-lo galego. Interpretan o nosos dereitos, cumpren o seu capricho "y amolar nos amolan bien". Porque resulta que nós temos dereito a saber as dúas linguas por igual.

Así non se normaliza o galego para convertelo en vehículo normal de comunicacións dunha comunidade.

Lemos nun libro que "normalizar unha lingua é conseguir que os individuos que conforman a sociedade se convirtan en usuarios completos da lingua propia da comunidade. Pero ésta normalización non se pode producir na Galicia actual, senón a través dun proceso consciente e voluntario".

### E.S.O.

Sómo-la penúltima promoción de E.X.B. Extínguese a Lei de Educación do 70, que imponía unha reforma disque revolucionaria.

A maioría de nós non entrará en contacto coa Ensinanza Secundaria Obligatoria (ESO). Non sabemos de que vai esta reforma, pero percibimos que non sómo-los únicos desinformados.

A nova lei obriga en 2 anos a ensinanza obligatoria e propugna uns obxectivos ambiciosos, moi difíceis conseguir se non se poñen outros medios. Todo iso é o importante, sen embargo, a ESO é noticia de portadas durante semanas e meses porque uns nenos se tefiñen que desprazar quilómetros máis ou quilómetros menos.

Tamén nos parece lamentable que moitos pais, protagonistas na educación dos fillos, non saiba do tema máis que para subir a un autobús gratuito fletado por alcaldes para manifestarse en algures.

¿Son agora os alcaldes técnicos de Educación? ¡Pois poderían coidar mellor os colexiós!

Nós non sabemos se a lei vai ser boa ou mala, pero ¿quen se preocupa de debater se vai mellorar ou empeorar a calidade do ensino? ¿A quen lle importa que saímos mellor ou peor preparados? ¿Quen vai poñer los cartos necesarios para implantar unha reforma así con garantías? Non o entendemos, ¿e vós? ¡"Nos lo expliquen"!

## PROBLEMAS XUVENÍS

Queremos falar de nós mesmos e do que nos espera. A maioría dos nenos/as de 14 a 15 anos van a discotecas cando só se pode entrar con 16 anos. Déixannos pasar coma Pepito pola súa casa, e ademais vendennos tabaco, bebidas alcohólicas na barra é drogas en calquera esquina. Eses son tres dos catro problemas da xuventude de agora: drogas, alcohol e tabaco, que tamén é droga. As fins de semana pódense pasar pola zona vella, polo Campillo ou por diante das discotecas de moda (A Madrila, Carabás, A Zarzuela...) e ver a xente tirada por culpa do alcohol, a xente de 12 ou 13 anos fumando e a xente desa mesma idade con porros e cousas parecidas para divertirse. O cuarto problema é a Sida, que segue avanzando coma a praga do século XXI ¡Coidado!.

Non te metas no mundo dos problemas, que te podes divertir de mil formas diferentes. Agora temos que despedirnos de todo iso, dos profes, dos amigos, e pedirvos a vós, os maiores, que nos desexedes sorte na nova etapa que imos comenzar.

## Colexio

Os problemas predominantes deste curso 95-96 referíndose á hixiene e ó tellado. Problemas que se viñan arrastrando desde había anos.


Protestamos moito polas condicións materiais do recinto escolar. A verdade é que temos razón. Non se podía respirar nos baños, as cadeas faltaban ou estaban atascadas, os canos estaban picados e moitas veces non había auga nos lavavos e a sucidade no colexio era notoria.

O colexio mellorou algo respecto do ano pasado, despois de manifestacións, plenos multitudinarios, pancartas e protestas. Con todo eso expresámo-la nosa indignación polo pouco caso que nos fixeron e pola falta de responsabilidade dos que tiñan que arregla-lo todo. Damos por ben empregada a loita para que os nosos irmáns pequenos e veciños sigan disfrutando das melloras, que se racanean ó baixa-la presión social.

Para remata-lo tema algo positivo, este colexio ten os melhores alumnos de toda Pontevedra, farán calquera cousa por el e estamos orgullosos do noso colexio.



PROMOCIÓN 95-96




Festival de Nadal '95.

Salón de actos da Residencia de Anciáns de Campolongo:

Grupo de nenas/os de 6º cantando panxoliñas:

Campanero. En un establo.




Grupo de nenas/os de 7º.

Interpretaron con instrumentos musicais o vilancico:

Noite de paz.



# N A D A L



## FESTIVAL DO NADAL

Eu fun San Xosé no festival do Nadal.

Houbo cousas boas e cousas malas. A boas son que te divertes e o malo e que estivemos tres horas de pé : polo demais moi divertido.

Os nenos berraban moito.

O neno Xesús chamábase Abel: era un demo. Collíame o bastón e dáballe ás nenas que abrían e cerraban o telón.

Víñeron nenos disfrazados de: indios, chineses, pastores, andaluces, etc. Tamén cantaron vilancicos. O anxo da esquerda era unha nena que eu non coñecía e o anxo da dereita é Pepe, un amigo meu. Púxose a imitar a "Cañita Brava", claro, cando o telón estaba baixo.

A mula tíña moita calor.  
Suamos todos arreo.

Borja Rived 4°C



## O ABETO DO NADAL

Fai uns catro anos, en Murcia, había un bosque con moitos árbores e animais.

Pero un día chegaron uns leñadores e talaron tódalas árbores. Pero cando iban a cortar a última dixo un leñador:

- ¡Parece que esta árbore ten unha cara triste!

- Non digas tonterías, serán alucinacións túas - respondeu o seu compaño.

Logo os leñadores levaron as árbores nun camión moi grande ata unha tenda.

Uns días mais tarde a señora María comprou a árbore de cara triste, e o chegar a-

súa casa colocouno na entrada e esperou a que chegasen os nenos.

- ¡Que fermoso! - dixo a nena.

- ¿De onde o sacaches? - preguntou o neno.

- De unha tenda que está na praza - contestou a nai.


E nun tris tras a árbore estaba chea de fermosas boliñas roxas.


Cando o Nadal rematou, dáballes moita pena ter que tirar o abeto a basura e entón dixéronse:

- Podemos plantalo para o Nadal que ven. E entón, tódolos días o chegar do colexió, regaban e cuidaban o precioso abeto.

Cristina García de la Cruz  
Blanca Leticia Fernández Carballo 5ºA


**Festival de Nadal '95.**  
**Grupo de nenas e de nenos de 1º.**  
**Cantaron con gran éxito a nadalíña:**  
**Buscando Papá Noel.**







Mural de 3º.





Que queren os nenos?  
ESTOS neniños pequenos  
xa comezan a soñar  
con esos paxariños brancos  
que non cesan DE VOAR  
para pedirlles ós homes  
que deixen xa de loitar  
porque eles, os neniños,  
o que de certo desexan  
é vivir en PAZ





## A GUERRA | MANUEL GÓMEZ E TELMO CALLE.

A palabra guerra fai alusión á morte, ó sufrimento e a todo tipo de cruidades.

Cada un tería que recapacitar sobre a pregunta con difícil resposta **¿Que incita ós homes á guerra e a facerse dano uns os outros?**

Ó largo de moitos séculos parece que non fixo ninguén esta pregunta, porque senón non comprendemos como se poden seguir matando persoas inocentes nas guerras.

Á maioría da xente de hoxe en día non lle gusta a guerra e quere que todos convivamos en Paz, pero por culpa duns poucos violentos homes ou mulleres, móntanse as guerras e case toda a xente sofre.

Moitas veces dise que o ser humano é o único animal que ten intelixencia; pero ¿como se pode explicar que, tendo intelixencia, solucione as súas diferencias pola forza?

Ademais nunha guerra non soamente morren os soldados e militares senón que moitas veces morren persoas inocentes que, ás veces son nenas e nenos.

Moitas veces a causa dunha guerra é un pouco estúpida, pero outras causas son estas:

- As ideas relixiosas.
- A avaricia e o desexo de poder dalgunhas persoas, como Hitler.
- A intolerancia racial.
- Desacordos dentro dun mesmo Estado por diversas causas.

As guerras, ademais, empobreceron moitos países e desta forma o seu desenvolvemento quedou estancado ou decreceu.

Non entendemos por que os pobos da antigüedad medían o seu poder polas guerras gañadas ou perdidas, ou polo que é o mesmo, polas vidas que fixeron escurecer.

Da forma que evoluciona a tecnoloxía, todo o planeta pode acabar destruído e aniquilada a civilización humana.





## Distintas clases de guerras

Hai moitas clases de guerras entre as que se poden destacar:

**1. Guerra total ou atómica:** É a que se leva a cabo nos países máis desenvolvidos, utilizando: explosivos nucleares e termonucleares, mísiles de largo e curto alcance, aviación estratégica, etc... A supervivencia da humanidade e incluso a de calquier tipo de célula viva sería case imposible.

**2. Guerra convencional ou limitada:** É a que se realiza con moitos homes, pero sen armas nucleares e con outras armas tamén perigosas.

**3. Guerra química:** Nela empréganse armas de orixe químico, como gasesos herbicidas, ademais das armas que se usan nunha guerra convencional.

**4. Guerra subversiva:** A que adopta forma de loita de guerrillas con fins revolucionarios, o conflicto non alcanza nivel internacional. A guerra subversiva ten diversos tipos:

- a) *Guerra revolucionaria*
- b) *Guerra insurreccional*
- c) *Guerra civil*.

- d) *Guerra psicolóxica*.
- e) *Guerra de guerrillas*.
- f) *Guerra ideolóxica*.
- g) *Guerra fría*.

Moitas relixión antigas tiñan un deus da guerra.


## Conclusión

Todos os reis e demais deberían de falar sobre as súas diferencias e non pelexarse por ellás.

En caso de querer pelexarse, ¿porque eles soamente dan as ordes e non sufren ningún perigo?

É abraiante que esteamos ás portas do século XXI e sigan pasando estas cousas.

Nós intentaremos que non pase esto en xeracións futuras, pero para iso necesitamos a axuda de todos vós.





Pontevedra, 21 de febreiro 1996

A súa Maxestade El-Rei:

En nome de moitos/as compañeiros/as do Colexio Público de Campolongo, enviámoslle esta carta para informarlle dun dos máis graves problemas que causan as guerras: A FAME.

Despois dun longo traballo, escollemos algunas causas da fame:

- Algunhas son orixinadas no interior dos países afectados:
  - A POBREZA. En moitos lugares débese a falta de diñeiro, á mala distribución deste, ou ó seu indebido investimento.
  - AS GUERRAS REXIONAIS, producidas normalmente polas ansias independentistas dos habitantes dunha rexión oprimida polo poder e a miseria.
  - AS SEQUIAS, ocasionadas pola metereoloxía e pola falta de recursos para combatelas.
  - A PERDA DE RECURSOS NATURAIS, por mor da erosión e do esgotamento lento das terras por culpa dos aparellos explosivos.
  - A SUPERPOBOACIÓN, se o país é subdesenvolvido cantes más habitantes teña, menores son os recursos alimenticios.
- Outras causas tamén poden ser exteriores ó país:
  - INICIACION DAS GUERRAS, é a provocación duns países respecto doutros.

- RELACIONES COMERCIAIS INJUSTAS, que desencadean débedas exteriores inabordables; o aumento de prezo dalgúns productos na súa exportación.

- EXPLOITACIÓN DE RECURSOS NATURAIS E HUMANOS, en beneficio dos países industrializados. o mal pago e aproveitamento dos productos dos países desenvolvidos.

A fame dó é unha das moitas consecuencias catastróficas producidas pola guerra.

Esperamos que tome cartas no asunto e trate de influir nos organismos internacionais que axuden a países que o necesitan.

7º B


Sabela Maceda García


7º B

Raquel Maigler Ojea

7º B

Miriam Iglesias García





O racismo é un problema moi grande en moitos países.

En ESTADOS UNIDOS, por exemplo, un grupo ou organización chamada "K.K.K." está en contra dos negros. Ata hai cidades nas que non poden ir negros en autobuses de brancos.

En Sudáfrica, chega ó extremo de haber cidades gobernadas exclusivamente por brancos. Por outro lado están os grupos Nazis ou "Cabezas Rapadas", que están en contra dos negros ou persoas de culturas diferentes á súa.

Por iso e outras causas danse noticias comá estas:

"O fiscal reclama 30 anos para dous policías acusados de violar a unha morroquina".

"Identificada só por ser negra".

"Os novos grupos "ultras" levantan a bandeira do racismo".

"O defensor do pobo denuncia malos tratos, abusos administrativos e brotes da xenofobia".

"A policía busca entre neonazis os asesinos da inmigrante dominicana".

"O neno xitano quitado da lista de transplantes recibirá un fígado san antes de tres meses".

"Un súbdito morroquino é asasinado por varios "SKIN HEADS" en Majahonda".

Tamén se dan estadísticas como estas:

"108.775 persoas acolléronse á regulación de traballadores estranxeiros en 1.992".

"5.000.000 habitantes europeos son emigrantes de países subdesenvolvidos".

"O 20% das regularizacións concédense a persoas, na súa maioría mulleres, que traballan no servicio doméstico".


E por iso o 21 de marzo celébrase o día mundial da discriminación racial. É unha verdadeira pena que a fins do século XX e principios do XXI faga falta celebrar un día coma este.

¿E por qué pasan estas cousas?

Porque hai moita xente perturbada neste mundo que non admite que haxa persoas diferentes a eles e por iso crearon asociacións para defender-los dereitos de tódalas persoas, coma a UNICEF e outras moitas organizacións non gubernamentais e coa axuda de tódala xente do mundo pódese acabar o racismo.

Nós non sabemos como pode pasar isto pois todos somos iguais, témo-los mesmos dereitos, unha ensinanza, unha vivenda e un posto de traballo.

ERNESTO CEBRIÁN  
CARMELA VIDAL  
DANIEL VÉLEZ  
MARIA XESÚS VÁZQUEZ  
MARIA DOLORES RÚA  
SUSANA RODRÍGUEZ





## □ MANS UNIDAS □

Gustariame falar sobre unha organización : Mans Unidas. E unha Organización non Gubernamental para o Desenvolvemento ( ONGD ) católica de voluntarios, que se creou en 1960.

Ela traballa en dúas liñas: Sensibilizando e informando e dando a coñecer los valores culturais, sociais, e relixiosos deses pobos e tamén proxectos en Asia, África, Latino América e Oceanía. Estos proxectos están elaborados polas persoas do Terceiro Mundo que solicitan a colaboración de Mans Unidas e teñen como obxectivo mellorar as condicións de vida e que poidan chegar a ser autosuficientes. Está presente en todo o territorio nacional, a través de 71 delegacións. Seus fondos proceden das campañas.

Ten cento seis proxectos agrícolas: Adquisición de maquinaria, semillatos, e terras de cultivo...

Desenvolve cento oitenta e un proxectos sanitarios, dous centos sesenta e sete proxectos sociais, tres centos carenta proxectos educativos, oitenta e un proxectos de promoción da muller.

A recadación da campaña XXXVI ( Maio 1994- Abril 1995 ) foi de un total de 5.567.481.477 ptas.


En fin , Mans Unidas quere que acabe a fame no Terceiro Mundo. O seu lema deste ano é:

DIVERSIDADE DE CULTURAS

IGUALDADE DE DEREITOS

Todos debemos ser solidarios con estes pobos que non tanto coma nós  
**COLABORA CON MANS UNIDAS**

BLANCA LUACES 6º B.





## ESCOLMA POÉTICA NO DÍA DA PAZ

( Polos alumnos de 5º B ).

### O DÍA DA PAZ

É o trinta de xaneiro  
é o día da paz,  
a pomba co seu branco veo  
e a súa ramiña do oliveiral,  
substituída polos globos,  
que tamén queren voar.

É o trinta de xaneiro  
é o día da paz,  
o ceo moi colorido  
pola festa está.

Os globos de cores,  
e as pombas brancas,  
todo o ceo lucirán,  
desexando a todo o mundo:  
felicidade, amor e alegria,  
neste día de paz.

### A POMBA DE NOÉ

Hoxe é un día de festa  
imos conmemora-la paz  
e para representa-la  
soltaremos pombas a voar.

Tampouco faltarán os globos  
que enchidos con helio subirán  
e mesturados coas pombas  
todo o ceo adornaran.

Os cores dos globos  
son as razas da nosa pel  
e as pombas brancas  
a salvadora de Noé.

Pombas brancas, brancas  
globos de cores, cores  
son como na historia  
salvadores de hoxendía.

### POMBAS E GLOBOS DA PAZ

A pomba é bela  
como unha estrela,  
algunhas veces dourada  
outras prateada.

O globo de mil cores  
como as flores,  
cando brillan como soles  
é unha tarde sen dores.

Miles de globos  
ás pombas substitúen,  
e a paz nos nenos constrúen.

Sexan pombas ou globos  
sempre serán o símbolo da PAZ,  
se a PAZ está nos nosos co-  
razóns  
sempre haberá ilusións.

Miles de globos  
ás pombas substitúen,  
e a paz nos nenos constrúen.

A pomba branca  
é o símbolo da paz,  
porque esta nos recorda  
a esperanza e a amizade.

E tamén cando os nenos al-  
cen os seus globos,  
os recordaremos a todos:  
ós ricos, ós pobres,  
e tamén ós maiores.

Miles de globos  
ás pombas substitúen,  
e a paz nos nenos constrúen.

**PAZ**



Fátima Peón Torres 5ºC

A Paz é o máis bonito  
que no mundo pode haber.  
Se nunca rematase,  
felices poderíamos ser.


Estate contentos e alegres  
e todo vos irá mellor,  
porque cun sorriso  
vanse as penas do corazón.

Mirade ó voso entorno,  
os espacios verdes son:  
os pulmóns da Terra,  
non derrubedes este don.

Xa sen máis consellos,  
téñome que despedir,  
anque me dá moita pena,  
pois gústame moito escribir.

Sobre todo para rapaces  
gustosos de ler  
este poema sinxelo,  
ben doadó de facer.

Natalia de Jesús González. 6º B



APAZ

Hoxe é o día da Paz e a maioria da xente leva un laciño.

No colexio cando estamos no recreo formamos un círculo e gardamos un minuto de silencio. Logo máis tarde no colexio soltámolas pombiñas. No día da Paz case non hai

pelexas nin roubos nin guerras e asasinatos. Os nenos pequenos que van ó colexió fan unha pomba cunha ramiña de oliveira no bico, que é o símbolo da paz. Gandhi, que era un indú, foi en busca da paz a moitos países.

Eduardo Artime Rial 4ºB

PAZ

A Paz, unha palabra moi común que significa moitas cousas bonitas: armonía, benestar, tolerancia hacia os demais, felicidade, libertade. ¡Qué difícil nun mundo onde hai: racismo, terrorismo, fame, guerra, torturas, morte....!

Ten que ser dificilísimo dar tódolos anos os premios Nobel da paz nun mundo cheo de violencia. Este premio é elexido en Oslo por un comité especial.

O símbolo da Paz represéntase cunha paloma branca que ten un ramillete de olivo no pico.

O día 30 de xaneiro é o día da Paz. Ese mesmo día morreu Alfred Nobel, fundador dos premios Nobel; inventou a dinamita e sintiuse culpable, pois non sempre se utiliza para bons fins.

Lidia Paola Amoedo Moldes. 5º A



## Coplas do Entroido

O entroido chega xa  
é tempo de disfrutar,  
unha orella, unha filloa.  
¡ Hai que papar !

Non queremos que te enfades,  
nin maldigas con centellas  
témolo entroido na eira  
hai que poñerlle as orellas.

O rei Urco o sábado sae,  
o venres, o Ravachol  
e sen darse un nin conta  
Entroido xa rematou.

Nestas datas hai filloas,  
orellas e lacón con grelos;  
mellor que líme-las moas  
para non tirarte dos pelos.

Xa chega a fin desta copla,  
e tamén a fin do entroido  
ímonos todos chorando  
ó enterro do noso Loro.

Un de pirata,  
outro de capitán,  
unha fada madriña,  
e todos a bailar.

No Entroido deste ano  
ímonos disfrazar  
cun bonito disfraz  
para a xente asustar.

Neste Entroido '96  
a tripa vamos a encher  
con orellas e filloas  
que imos comer.

Este ano coa crise  
o desfile foi moi cutre,  
Mais que caramelos e doces,  
houbo papeis e non nutren.

Mulleres e homes maiores,  
co mentalidade infantil,  
foron todos disfrazados  
de bacallao ó PILPIL.

Neste colexiu ruinoso,  
a xente fai o que pode;  
estudian e fan a pelota  
Para que a cabeza non rode.



No colexiu unha piscina haberá,  
como non rematen as obras  
Ravachol un baño dará,  
Non o poderemos queimar  
e o enterro amolará.

Levan dous meses coas obras  
e todo o deixan a medias,  
o teito está que se cae  
e ainda por riba non cobras.

Felipe di "por consiguiente"  
Aznar o dedo moverá  
Ravachol xa non fala  
porque queimado está.

Todos bailan, todos cantan  
menos Felipe e Aznar,  
que van berrando polas rúas  
¡¡ VÓTAME XA !!

Entroido, entroido  
repénica o coiro  
repénica ben  
ata o ano que ven





## O ENTROIDO

O entroido non e igual en tódolos lugares de Galicia, senón que hai pequenas diferencias. Por exemplo en Monforte (Lugo) celébrase o día das comadres e o dos compadres, facendo uns bonecos de palla e logo poñéndolles as túas roupas vellas.

Cando o día remata, pola noite, queímanse tódolos bonecos nunha cacharela.

Tamén hai zonas onde o entroido se celebra con mais intensidade que noutras. En Madrid case non se celebran, mentres que os do Brasil son espectaculares.

O entroido está feito para que a xente se divirta ó máximo nestes días, porque logo

ven a cuaresma, que son corenta días facendo un pequeno sacrificio.

Hai tamén moitas festas de disfraces nas discotecas para divertir a tódolos nenos, como a que fixemos o outro día o Colexio de Campolongo en Equus. ¡Por certo, foi moi divertida!. Houbo bailes, sorteos, etc.

E son tamén moi divertidos os desfiles, ver pasar a xente con traxes de tódolos tipos, animadoras, indios, mosqueteiros, etc.


Eu penso que son as festas mais divertidas que hai en todo o ano.

Blanca Leticia Fernández Carballo 5ºA



*Polo Entroido ocorreu algo máxico na nosa clase de 5ºC. Tralos pupitres estaban Escarlette, unha meiga, unha moura, unha moza-charleston, un Mario Conde, un mosqueteiro, algunha india e tamén indios, un*

*vello, un Aznar... En fin, mestura de xeitos levados con humor. A nosa clase fixo realidade, especialmente ese día, este eslogan: "Todos somos iguais, todos somos diferentes".*



## O entroido

Nos 3 días que preceden ó Mércores de Cinza celébrase unha festa popular chamada entroido; consiste en mascaradas, bailes e outros bulicios.

As festas do entroido corresponden ás "Saturnalias" da antiga Roma. Durante toda a Idade Media, Roma continuou sendo o centro dos entroidos; algúns Papas opuxéronse, pero outros, como Paulo II, apoiáronos, posteriormente reduciuse a dez días adicados ó entroido.

Despois de Roma, fíxose famosa polos seus entroidos a cidade de Venecia. Logo seguiron as de Turín, Milán, Florencia e Nápoles. En Francia os más suntuosos foron os de Provenza, Borgoña e Bretaña. En Inglaterra desapareceron as festas na rúa moi cedo. En Alemaña e Suíza orixináronse os entroidos con máscaras.

Os entroidos españois foron prohibidos por Felipe IV e autorizados por Carlos III. Fernando VII prohibiuños polas rúas e a raíña María Cristina volveunos a autorizar na súa rexencia. Prohibidos de novo no ano 1939.

A comida que se fai nos días do entroido é abundante, forte e selecta.

É tradicional comer cacheira, que debe te-las orellas. Outra peza tradicional é o rabo. Acompaña o chourizo, de carne ou ceboleiro.

En Cotobade non podía faltar la vexiga do porco que, debidamente inchada, se cúra na touciñeira.

Precísase un anaco de touciño para acompañalo prato más

primitivo do entroido e os petotes, que non son más que bolos de fariña de millo.

As filloas fanse de sangue, de leite e de agua con un ovo. Tamén hai orellas, chulas e flores.

O 1º día do entroido é o Domingo de Septuaxésima, denominado fareleiro, ou borralento.

Os dous xoves seguintes soen chamarse de compadres e comadres, trátase dunha loita entre homes e mulleres.

O Domingo de Sesaxésima chámase Domingo Corredoiro, de corredores e dos cichotos.

Domingo de Quinquaxésima, Domingo de entroido, comeza a festa maior do entroido.

Os cigarróns son unhas máscaras moi antigas, vestidos con calzóns de seda recubertos duns curiosos trenzados, medias brancas, chaquetiña toureira, camisa branca, garabata e faixa de seda cun grosso cinturón de 5 ou 6 cencerros, levan careta de madeira pintada, e na cabeza un gorro de lata. Estes percorren varios pobos de Galicia e incluso de fóra dela. Coñécense cos nomes de felos, piliqueiros, murrieiros, choqueiros e churruos.

### Rei Urco

Na Pontevedra do fin de século XIX nas reunións que facía a familia dos Muruais, trátase de revivir a Urco, mito lexendario que facía referencia ó outro mundo, ó mundo das tebras.

Nas noites de temporal, nos primeiros meses do ano (1876) cando non había con que se entreter nas casas, Andrés Muruais, vestido de



peles, cunha máscara de animal e arrastrando cadeas amedrentaba ós que con él estaban. Ás veces percorría as rúas de Pontevedra dando berros coma se viñese do outro mundo. A xente do barrio da Moureira identificouno con Urco, e dicían entre eles: ¡ É o Urco !, ¡ É o Urco !.

A partir do ano 1888 o entroido foi adicado a "Urquín", fillo de Urco.

Nos derradeiros anos, é Urco, quen dá comenza ó entroido en Pontevedra, e dende a súa carroza fai unha chamada á alegría do carnaval.

### O Ravachol

En Pontevedra, hai uns cantos anos había unha botica, a de D. Perfecto Feijoo, onde se reunía xente que naquel tempo era importante: don Prudencio Landín, don Eugenio Montero Ríos, don Augusto Besada e ata dona Emilia Pardo Bazán, importante escritora galega.

Pois ben, o personaxe más famoso de todos eles era un loro que tiña o boticario, que llo trouxeran do Brasil. O loro chamábase Ravachol, e era un más entre todas aquelas xentes que se reunían na botica a falar; el falaba de cando en vez, dicía algúns tacos, metíase coas donas ou asubiáballes se lle parecían boas mozas.

Moitas veces don Perfecto deixaba soa a botica para subir un chisco á súa casa, entón se entraba algún cliente o Ravachol berraba: ¡ Don Perfecto !, ¡ Don Perfectiño !, ¡ Xente na tenda !

Cando o loro dicía algúns tacos, don Perfecto dicíalle: ¡ Mira que collo a vara !. E así o loro, se alguén

se metía con el, tamén dicía: ¡ Que collo a vara eh...!.

Durante unha misión celebrada no adro da Peregrina, o loro, aproveitou unha lixeira pausa do reverendo para decir: ¡ Bárbaro, se collo a vara !.

En máis dunha ocasión saiu a escena no Teatro Principal e no Circo Teatro. Entre o público das localidades e o loro entablábanse dialogos chistosos.

O día 8 de marzo de 1913, Ravachol morreu. A noticia correu por toda a cidade. Un grupo de xente con moi bo humor, aproveitando que se estaba a celebra-lo entroido, ían á botica darlle o pésame a don Perfecto, e don Perfecto seguíalle-la broma. Aínda que un pouco triste por dentro, porque lle tiña moito cariño ó seu loro.

Así foi que o Mércores de Cinza pola noite, fixose unha gran procesión adicada ó Ravachol. A comitiva saíu da Praza da Ferrería. Botaron bombas, houbo bandas de cornetas e participaron as comparsas que foran no entroido do martes de entroido. Tamén houbo algunha carroza, nunha delas ían rodos os que se xuntaban na botica a falar. O final da procesión ía a banda municipal.

Todo este desfile pasou polas rúas de Villaverde, Michelena, Oliva e Riestra.

Na Praza da Peregrina parouse a carroza onde ía Ravachol e foi despedido con cánticos interpretados polos coros seguintes: "Aires da Terra" e o "Orfeón da Sociedad Artística". O desfile rematou nos Xardíns de Vicenti, e o cadáver do loro foi enterrado na finca O Padrónelo, que se encontraba en

Mourente e era de don Perfecto Feijoo.

Algúns amigos do boticario pediron que na lápida se escribise este poema de Uxío Labarta:

Aquí, con lenguaje vario,  
gracioso, breve y mordaz,  
regocijó al vecindario  
el coro del boticario

¡ Que hoy duerme en la eterna Paz !

¡ Que inmortalize esta losa  
su nombre bien mereció  
quien nuestra vida alegró :

¡ Cuanto gran hombre reposa  
que otro tanto no logró !

Dende hai 10 anos o venres do entroido adícase ó lóro Ravachol: faise un gran loro que é decorado con plumas de moitas cores. Como símbolo da súa morte, é queimado na Praza da Ferrería.

Foi construído por Bibiana Araújo, Salustiano G. Louzano e outros colaboradores.

Ravachol media 3,20 metros de altitud e tiña 150.000 plumas de polo, pavo e avestruz.

Este ano ía de obreiro da Empresa "La Rapidez S.A.", con mono azul, casco, pa, metro de madeira no peto e fumando Celtas, para critica-lo retraso de certas obras, como da rúa Xoán Bautista Andrade e Eduardo Pondal.

Elaborouse nun baixo da rúa Sagasta, e foi sacado pola fiesta coa axuda dos bombeiros.

*Víctor Muíños*

*Pedro Garrido*



*Telmo Calle*


*Sabela Maceda*

*Eva Alonso*

*Julia Doval*

*Verónica Prado*





De cotilleos de famosos  
ímosvos informar:  
sempre cos seus lios  
e ninguén se pode aclarar.



Melany e o Bandera  
van ser papás  
é o romance do ano  
¿non mo negarás?

O ximnasio aburacado  
chove dentro sen cesar  
algún que outro constipado,  
porque non os dan tapado.

Teremos vacacións,  
festas e diversión  
pero temos que estudiar,  
para poder aprobar.

Nas ruínas de Santo Domingo  
as clases teremos que dar,  
pois mellor que en Campolongo  
alí se debe de estar.

Nada máis dende aquí  
e esperamos compartir  
un bo ano para todos  
e un moi ledo porvir.

**Colectivo 8º**



# O ENTROIDO



Colectivo 8°C

*Por fin, é dezaseis de febreiro  
comeza o entroido no mundo enteiro  
todos estamos moi ledos  
e coas filloas chupámo-las dedos.*

*Os mestres ledos  
marchan ás súas casas,  
mentres os nenos  
disfrutan coas comparsas.*

*Son as doce no relaxo  
a cidade volve brillar  
entre luces e estrelas  
todos saen a bailar.*

*Despois chega a festa grande  
coas comparsas e os disfraces  
imos todos ó desfile  
como fan tamén en Chile.*

*Con disfraces e caretas  
no desfile moi contentos,  
imos de vellos e vellas  
e comemos flores e orellas.*

*O desfile do rei Urxo  
esperában todo o mundo  
e cando por fin chegou  
marchou co seu pelotón.*


*Coa panxa ben chea  
e a alegria no corpo,  
imos todos bailar  
na festa do entroido.*

*Todos nos disfrazamos  
e na rúa estamos  
bailando, cantando  
e tamén disfrutando.*

*Co Ravachol a xente  
dálle ó alcohol  
e vívios e vívias  
choran un montón.*

*¡Pobre Ravacholl!  
¡Pobre desgraciado!  
el non ten a culpa,  
¿Por que é quemado?*

*E para finaliza-lo entroido  
ó enteiro acudiremos  
cos ollos cheos de bágoas  
que máis tarde secaremos.*



## COPLAS DO ENTROIDO



Señores e señoras,  
xa chegou o Carnaval  
e rapaces e rapazas  
disfrazados, ledos van.

Primeiro ven o rei Urco  
co que empeza o carnaval.  
Don Perfecto e o seu loro  
convídannos a chorar.

No colexio Campolongo,  
cos baños destartelados;  
as portas xa parecen bombos  
quedáronse uns atrapados.

Iago é bonachón  
e métenlle más tortas  
que cartas no Nadal  
na boca dun buzón.

Ana e Xulia de tertulia.  
Xoán e Miguel, xa ves,  
as de 5º C ós seus pés.  
María e David, a noticia do país.

Mentres Miguel e Isaac  
son noticia en Pressing Catch,  
e nós saímos ó encerado  
con cariña de asustados.

Por fin demos outro tema,  
xa non podíamos más  
coas superaburridas  
fórmulas de naturais.

Se en vez de tanto político  
gobernara Rambo Total  
habería más marcha  
e menos caso Gal.

Felipe, Felipiño,  
que queres gobernar,  
coa cara de pasmón  
non vas triunfar.


Xa todos desconfian,  
non saben a quen votar,  
todos rifan e preguntan:  
¿Ganñará Felipe ou Aznar?.

Cando a guerra estoupa  
o mundo trema de medo,  
os cabalos non galoupan  
e xente queda sen dedos.

Se o Teucro gañara a liga  
e o Pontevedra estivese  
en Primeira División,  
esta vila saltaría de emoción.

Nos xa nos despedimos  
sen nada más que contar  
pero o próximo ano  
as historias voltarán.


**Colectivo 8º- A**



## ENTROIDO A QUEIMA DO PORCO

O carnaval remata de diferentes maneiras. Por Monteporreiro festésaxe coa Queima do porco. Faise un boneco en forma de porco e lévase por tódalas rúas do barrio, detrás vai un desfile de xente disfrazada, acompañada dunha banda de música, que tocan unha sonata moi irritable, sobre todo para o meu can, que se pon a ladrar como un tolo cada vez que pasa por diante da casa.

Despois de percorre-las rúas, imos levalo a un sitio cerca do río, onde acaba a comitiva coa curta vida do boneco.



Este acontecemento presenciámolo todos chorando, mentres o lume acaba con el.

Para completa-la festa, fanse unhas competicións de poesías relativas ó tema do entrido, e leva premio aquel que mellor a fixo.

Alberto Buceta 7ºA

### O PAXARO DE MAL AGOIRO

En Bueu celébrase o enterro do “PAXARO DE MAL AGOIRO” que ten a súa historia:


En Bueu hai unha praia nun lugar chamado A Banda do Río, e alí case ó lado da praia hai unha cova, onde sucedeu o que vos vou contar.

En 1977, uns nenos decidiron ir inspecciona-la cova. Dentro atoparon un paxaro. Eses nenos chamáronlle ó paxaro “Mal Agoiro”. Entón moitas persoas foron ver se era certo o que dicían, en vista de que era verdade comezaron a levarlle para comer.

Un día houbo un desprendemento na cova, e como quedou un buraco, os nenos entraron. Coma sempre, ían levarlle comida ó paxaro, pero xa non a precisaba, pois unha rocha caéralle enriba e matárao. E así foi como dende 1988 o carnaval remata con esta festa.

A ela vai moita xente: a banda de música, comparsas e xente disfrazada, que vai desfilando por todo Bueu ata a queima do paxaro.

David Durán Otero 6ºC





**Entroido en 3º nivel**



## **COPLAS DO ENTROIDO**

Chega, chega o entroido,  
a nosa festa popular:  
todos nos saímos disfrazados  
e saímos a disfrutar.

Nesta época do ano  
as caretas son tradición,  
depende se vas de anano  
ou vas de cabezón.

Carrascal e as súas corbatas  
parecen de carnaval  
xa que son destas baratas  
que xe atopan no feiral.

Un día o tema do GAL  
e ó día seguinte a festa de carnaval,  
todo o mundo preocupado  
polo asunto do Manglano.

As eleccións están preto  
Felipe ou Aznar  
Aznar ou Felipe  
¿ti sábe-lo que votar?

No centro heiche sequía  
moita en Andalucía  
aquí tamén nos queixamos  
que por pouco afogamos.

O alcalde de Pontevedra  
del non queremos falar  
porque todos fan o mesmo  
e non quere traballar.

Nas nosas aulas  
hai tal charco  
que imos co mestre  
en barco.

Ó final deste poema,  
o colexio criticado  
para ver se dunha vez  
a escola dá arranxado.

Do colexio nin falar  
porque fomos protestar  
todos xuntos ó Concello  
¡que comecen a arranxar!

O Colexio de Campolongo  
está a punto de estoupar.  
Tellados e paredes caen  
¡onde iremos estudiar!


O noso colexio  
temos que arranxar,  
porque como caia enriba nosa  
pódenos aplastar.

O cole cae a cachos  
parecemos mamarrachos  
se arregla isto o Pedrosa  
darémoslle unha gaseosa.


Campolongo, miña escola  
tentámola restaurar,  
o alcalde non rasca bola  
para a nosa escola arranxar.

O colexio está moi vello,  
os muros hai que pintar,  
porque más dun pesperello  
na parede foi firmar.

Nos baños de Campolongo  
calquera pode asfixiar,  
pois se vas ós sumidoiros  
mellor che pode cheirar.



**Colectivó 8º B**



## OS MAIOS

### Elaboración

Desde hai moiísimo tempo, cada 1 de maio, celébrase en Galicia a festa dos maios.

Os maios están formados por uns pandeiros que se poñen en forma de cono e de agarradeiras na base. Éstes recóbreñense con fiúnchos, que os nenos e adultos encargados do maio recollen nos montes.

As laranxas utilizadas para adornalo son agres; en Pontevedra, estas son doadas polo convento das Clarisas.

Os ovos sóense baleirar de dúas maneiras: durante todo o ano, ó toma-los ovos, tense que valeirar por dous buracos feitos nos extremos, ou o día antes do 1 de maio valéransen os ovos e dáselle o contido a un restaurante.

As flores ó igual que os fiúnchos, cóllense nos montes, de tódalas clases e cores.

O día antes da festa, os nenos encárganse de enlaza-las laranxas, ovos e flores a arames; pola noite os adultos recobren o maio cos fiúnchos e adórnano coas laranxas, ovos ..., por último con flores enlazadas e cuns ferros manexables fan a coroa, que irá no cume do maio ou, raramente, separada.

Un mes antes do día, o grupo de persoas encargadas inventan unhas 15 coplas, das que só dous ou tres cantaran. Os temas das coplas tratan da política do Concello, do ecoloxismo e doutros temas de inxustizas.

O día dos maios, a persoa que mellor canta colócase no interior do maio e comeza a canta-las coplas,

mentres os nenos de fóra fan de coro tocando cuns paos.


### Premios


O 1 de maio, despois de oí-las coplas e de ve-los maios, reúnense os representantes políticos da cidade, cada un dun partido e discuten quen levará os premios.

No concurso da Ferrería os primeiros premios deste ano foron:

- Mellor maio: Sociedade Cultural Deportiva de Campaño.
- Mellor cantar: Balneario de Monteporreiro.
- Mellor interpretación: Balneario de Monteporreiro.
- Mellor coroa: Sociedade Cultural Deportiva de Campaño.

Lucía Díaz Cabanas N° 14, 7º A





## COPLAS DO MAIO 96

O maio florido chega,  
cun aire primaveral.  
Acompáñanos, colega,  
non o pasarás moi mal.

E, xa que no maio entramos,  
nós queremos troulear,  
antes de ve-los suspensos,  
que, seguro, nos van dar.

Despois das flores do maio  
aparecen as cabazas,  
froito abundante a mangallo  
entre nenos e rapazas.

¿ Quéresnos acompañar ?  
Non prometemos engados,  
só queremos criticar  
e quedarmos relaxados.

Os maios son unha festa  
antiquada, do rural.  
Na cultura urbana esta,  
perden contexto, normal.

Ás veces nos maios vemos  
o galego, o tipical.  
Nós aprendelo queremos,  
como lingua habitual.

Queremos tomar en serio  
un idioma que recúa:  
Galego, en serio, nas aulas,  
na casa e tamén na rúa.

As razóns non alcanzamos,  
mais estanos privando alguén  
de que outra lingua aprendamos  
sen molestar a ninguén.

Galego normalizado.  
Castelán "ya bien saber".  
Pois dominar dúas linguas  
moito pode enriquecer.

Cando fomos de viaxe  
por terras de Cataluña,  
comprobamos que outra linguaxe  
dignifica e non rabuña.

Algo de vergoña era  
sorprendernos a nós mesmos  
dicindo Palau e Jordi,  
e aquí, Puente Bolera.

Olvidade os prexuízos,  
¿ Querédesnos axudar ?  
Ensinádenos galego,  
que queremos progresar.

Coa disculpa de axudarnos,  
non nos vaiades tarar,  
ocultando o que é noso,  
deixándonos colonizar.


Celulosas contamina.  
Marisco e peixes extermina.  
Se non eliminámo-las toxinas  
haberá que comprar medicinas.

Este ano, ardeu T.A.F.I.S.A.  
a min non me deu a risa  
dicían que non cheiraba  
¡diaño, como apestaba!

Tamén ardeu Celulosas  
e sofre a saúde nosa  
unha gran fumareda  
que a todos nos arreda.

Nesta cidade nosa  
non saben que van facer  
se unha gasolinera  
ou un parking baixo os pés.

Pontevedra segue igual  
tan porca coma sempre,  
e imos ensinarvos  
o que pasa coa nosa xente.



## A ORIXE DO DIA DAS LETRAS GALEGAS

No ano 1963, o 20 de marzo Xesús Ferro Couselo, Francisco Fernández e Manuel Gómez Ramón dirixiron unha carta á Real Academia Galega solicitando a consagración do 17 de maio como día das Letras Galegas.

Reproducimos parte do texto:

"Baseámonos nos seguintes motivos:

Que Cantares galegos fora a primeira obra de prestixio universal coa que contou a literatura galega contemporánea.

Que a celebración do acontecemento cintilaba a consideralo significado da mensaxe transmitida no volume centenario.

Que o mellor xeito de acadalo sería que a Corporación académica acordase declarar Día das letras galegas o 17 de maio de cada ano.

Que a data conmemorativa sería para enaltecer e difundi-lo libro escrito no idioma propio."

Asinaban a carta: Xesús Ferro Couselo.

Francisco Fdez. del Riego.

Manuel Gómez Ramón.

Na Xunta Xeral ordinaria do 28 de abril a Academia resolveu a proposta por unanimidade.


Marta Novás.  
Verónica Prado.

## Día das Letras Galegas<sup>©</sup>

O día 3 de maio de 1963 ocorreuuselle a 3 emprendedores galegos chamados Francisco Fernández del Riego, Manuel García Román e Xesús Ferro Couselo fazer un novo proxecto que se chamaría o Día das Letras Galegas. E como o día 17 de maio era o centenario da publicación do

libro da nosa internacional Rosalía, Cantares Galegos, decidiron que era a mellor data para premiar a un escritor da nosa lingua pola súa traxectoria, ademais de celebrar actos en honor o noso país.

Como o día 17 púxose en honor a Rosalía, a primeira en recibilo foi a citada escritora. A partir dese



ano celébrase periódicamente o Día das Letras Galegas, adicándose a un escritor en particular, áinda que reconhecendo ó mesmo tempo a tódolos escritores o seu traballo.

### A vida de Xesús Ferro Couselo

Ferro Couselo, Xesús (1906-1975), homenaxeado neste día das Letras Galegas, non corresponde exactamente ó perfil doutros autores xa celebrados. Máis que un escritor, foi un investigador, un riguroso científico social, un historiador e un analista intelixente do noso pasado histórico.

Xesús Ferro Couselo achégase á investigación arqueolóxica coa óptica dun historiador xa forxado noutros campos da disciplina histórica intentando extraer dos obxectos e das fontes arquelóxicas a información necesaria para artellar o acontecer histórico, do mesmo xeito que da documen-

tación custodiada nos arquivos reconstrúe a historia medieval e moderna.

En 1941, Ferro Couselo é destinado a Ourense como director do Arquivo de Facenda. Faise cargo da biblioteca provincial e do Museo Arqueolóxico elaborando a proposta de creación do grupo Marcelo Macías de colaboradores do museo, que se constitúe no ano 1942.

### A súa obra

A obra de Ferro Couselo en galego non é extensa e case nunca movida por ambicións literarias.

Os seus libros más importantes son en castelán, son estudos da época pasada de Galicia.


*A cantidad ou calidad da súa obra en galego non o fan protagonista da celebración*

(La Voz de Galicia)

Ten un bo traballo sobre os *Gente llana sin ventura. Los Boán* (1972), que tanto axuda a aclarar o transfondo histórico do que xurdiu esa cativadora pantasma que é o *Cronicón de don Servando*, é unha boa mostra disto.

Outro dos seus libros é Lembranzas, actividade, inquedanzas.

Outra obra importante del é *A cultura dos devanceiros*.



Telmo Calle  
Manuel Gómez  
J. Antonio López

# Día das Letras Galegas

Nivel: 5º B

O Día das Letras Galegas, que este ano está adicado á figura e obra de Xesús Ferro Counelo, foi instituído pola Real Academia Galega en 1963, a iniciativa do académico Francisco Fernández del Riego, no centenario da edición de "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro.

Desde a súa institución, o Día das Letras Galegas é unha data que reivindica á lingua e cultura galegas.

Rosalía de Castro, a máis universal poetisa nacida en Galicia, fora a primeira que recibira a homenaxe popular, en maio do ano 1963.

A institucionalización tivo por obxecto facer unha homenaxe ó pobo galego, como creador do idioma, ós escritores como vehículos da cultura propia de Galicia.

A pesar da polémica que suscitara en certos sectores, o 17 de maio chegou a converterse nunha festa de auténtica participación popular. En tódalas vilas galegas se celebran actos culturais, así como tamén políticos en defensa da lingua.

Desde a súa creación, o Día das Letras Galegas tense adicado ós máis relevantes escritores e ensaistas galegos, como Casteleiro, López Cuevillas, Curros, Noriega Varela, Alfonso X "El Sabio", Cabanillas, Luis Seoane ou Otero Pedrayo. Estes foron os persoeiros homenaxeados:

- Rosalía de Castro (1963).
- A.D. Rodríguez Castelao (1964).
- Eduardo González Pondal (1965).
- Francisco Añón - Paz (1966).
- Manuel Curros Enríquez (1967).
- Florentino López Cuevillas (1968).
- Antonio Noriega Varela (1969).
- Marcial Valladares Núñez (1970).
- Gonzalo López Abente (1971).
- Valentín Lamas Carvajal (1972).
- Manuel Lago González (1973).
- Xoán Vicente Viñesqueira (1974).
- Xoán Manuel Pintos Villar (1975).

## XESÚS FERRO COUSELO


Letras Galegas 1996



Ferro Counelo  
(1906-1975)


- Ramón Cabanillas - Enríquez (1976).
- Antón Vilar Ponte (1977).
- Amtonio López Ferreiro (1978).
- Manoel Antonio (1979).
- Alfonso X "O Sabio". (1980).
- Vicente Martínez-Risco y Aguero (1981).
- Luis Amado Carballo. (1982).
- Manuel Leiras Pulpeiro (1983).
- Armando Cotarelo Valledor (1984).
- Antón Losada Diéguez (1985).
- Aquilino Iglesia Alvariño (1986).
- Francisca Herrera Garrido (1987).
- Ramón Otero Pedrayo. (1988).
- Celso Emilio Ferreiro (1989).
- L. Vázquez Fernández-Luis Pimentel (1990).
- Alvaro Cunqueiro Montenegro (1991).
- Fermín Bouza-Brey (1992).
- E. Blanco Amor (1993).
- Luis Seoane (1994).
- Rafael Dieste (1995).


¡A pensar...! ¡A pensar..! ¡A pensar...!



Este año, los actos oficiales del 17 de mayo serán en Cordero, en honor a D. Jesús Hierro Ombligo de Venus.

Yo prefiero Sombrerillo a Ombligo de Venus, que parece pedante





## ESCOLMA

Reproducímos los textos sen normativizar, tal como saíron da pluma de D. Xesús.

Xesús Ferro Counalo estuda en documentos a rica historia do galego.

Introducción a: **A vida e a fala dos devanceiros.** Volume I.


*Pesie aos documentos en galego que se levan xa publicado dende que Martínez Salazar fixo a sua pequena escolma de pergameos de Sobrado e Monfero, seique non chegamos áinda a decatarnos de que son milleiros os que arastora se atopan nos arquivos. É pois ben sabido que na nosa fala foron enxergados os estormentos de toda Galicia dende que o latín deixou de encher os formularios dos escribáns. Polo de oxe se non pode dar a data de cando tal feito poido ter comenzado. Coidamos que debéu de ser perante o reinado de Fernando III, do mesmo xeito que pasou ca fala irmán das terras de Castela.*

*Na nosa escolma o documento máis antigo é a carta de foro que no ano de 1244 "faz dona Toda aos homes que poblan a vila de Vilabona". Creuse noutrora que deiquí das terras de Ourense saíra unha carta de foro en romance, feita no ano 1016 pola abadesa das donas do mosteiro de San Salvador da Arnoya, todo por mor dunha versión que no ano 1426 fixera un escribán do mosteiro de Celanova.*

*Non acretamos empósito en que o galego escomenzase como fala escrita nos derradeiros do primeiro terzo do século XIII. Un pouco denantes xa os troveiros i os segreles puxeran os seus deostos e cantares en pergamenteos.*

*Matinamos que Galicia debéu de ter unha literatura más abondosa do que se nos amosa e do que se tamén pensa. Oxe contamos cáseque somentes con versións feitas nos séculos XIV e XV, tales como a General Estoria, As Sete Partidas, O Foro Xuzgo, a Corónica Troyana, Os Migrantes de Santiago, o Flos Sanctorum, O Libro de Tristán, o Tratado da Albeitería, a Corónica de Santa María de Iria... Pro é de supor tamén unha abondosa literatura devota e cabaleiresca, parella á que se desenvolou nas demás falas peninsulares.*

*Indicio son os nomes enxebremente galegos dos persoaxes da Andante Cabaleiría que pasaron á onomástica persoal, xa dende o século XIII e cicás denantes.*




D. Xesús explica por que o galego perdeu protagonismo a prol do castelán.

Introducción a: **A vida e a fala dos devanceiros. Volume II.**

*Amóstrasenos eiqui de cheo a vida cotián dunha cidade da Baixa Idade de Meia, nun intre en que o galego, como língua oficial, xa acadara o seu meirande desenrolo. Mais é tamén entón cando nós eidos da vella fala das Cantigas e dos Cancioeiros, inda que solerminha, escomenzaba a sua sementeira unha fala doutras terras, que viña polo de entón máis como irmán que como señora.*

*Daquela o galego era a fala en que falaban e se entendían os señores e os fidalgos, os bispos e os oregos e, coma sempre, os mareantes, os mesteiros e os labregos. Ouzase nós pregos e nas prédicas das eirexas, nós estrados dos xuices, e nila exaran os seus estormentos os notarios e os escribáns, mesmo os nados en terras alleas. O galego é entón a fala de toda Galicia.*

Somentes os “señores” que mandados polos Trastámaras viñeran a este Reino a esfroitar das “mercedes” de rendas e vasalos —Sarmientos, Estúñigas, Enríquez e Benavente— refugan a língua de Galicia nas suas “cartas”. Como mostra, énos doadó ver nista mesma escolla as respostas dadas en 1385 polo bispo don Pascoal García ao escrito de querelas e agráveos do concello de Ourense. E que os bispos e señores vindos de terras alleas adoitan traguer consigo “criados” da sua mesma fala. Causa que había de recrescer nós derradeiros anos do século XV cos novos correximentos i acriazón da Real Audiencia, que é de onde arrinca o uso do castelán como idioma oficial de Galicia.



Luis Seoane.

D. Xesús, visto por:



Xaime Quesada.



## CÓMO E POR QUÉ OS ESCRIBANOS DEIXARON DE EMPREGAR O GALEGO

por

XESÚS FERRO COUSELO

Prós que a cotío apousámos ollos nos estormentos medievais en galego, que a milleiros se conservan áinda nos arquivos, non é ningún segredo que o noso idioma acadou o meirande desenrolo na Baixa Idade Meia.

Os nosos escribanos encheron cunha fala a veces requintada os formularios de Dereito. E hastra poderíamos traguer exemplos nos que a Santa Tioloxía, con verbas outas e sinxelas, desce a encamiñar a "postrumeira voontade" de quen no intre derradeiro sospira a un tempo polo que deixa e polo que espera. "Criou Deus ao home a sua imagen e semellanza e aquél así criado e a muller feita da sua costela; póscoos eno paraíso de delectamento, a donde non avíamos de morrer nin aver mal nin traballo nin pesar, e toda esta benaventuranza perdemos todos los deles descendentes, de aqueles primeiros padres, por querer gustar aquela froita que lles foi defendida por aquel criador que os poso en aquel tan nobre lugar de do somos deseredados fasta la paisón de nro. Señor..." Alá polos primeiros anos do quiñentos, Gonzalvo das Seixas, coengo de Ourense, escomenza ansí o seu testamento, "feito con saúde e con todo o seu siso", o que "o Señor Deus tovo por ben de lle dar".

O galego entón é a fala dos vasalos e dos señores, dos cregos e dos labregos, e óucese o mesmo nos concellos que nas eirexas, misturado co latín nas prédicas e ceremonias. "E esto así dito e outorgado ergueuse o dito chantre e tomou por las maos aos ditos Afonso Ougea e Tereixa Alvares e en suas maos feceron logo palabras de casamento ambos e douz, segundo que manda a nosa Santa Madre Iglesia, dizendo o dito Afonso Ougea que recibía a dita Tereixa Alvares por sua multer boa e leal e a dita Tereixa Alvares dizendo que recebia ao dito Afonso Ougea por seu marido boo e leal..." Ansí se fixo un casamento, nos comenzaos do catrocentos, según as Notas de Estebo Pérez, chanceller do Cabidoo da Catedral de Ourense.

Inda que o rei de Castela non se alcuña xa Emperador, como noutrora o imperante en León, téñse por tal de feito e de derecho e leva a honra mandar en reinos de costumes e falares diversos. No seu famoso discurso pola primacía de asento no Concilio de Basileia o daián de Santiago don Alonso de Cartagena, conselleiro do rei don Xohán II e logo bispo de Burgos, antre as probas da preeminencia do Rei de Castela sobor do da Inglaterra, apón a de que aquil era rei de reinos con diversas língoas. Vemos por iso como endexamáis recusa que lle falen os vasalos cada un na sua fala.

Namentras gobernan os endiantados, a concuencia de Reino de seu mantense viva. Pro a anarquía feudal—que en Galicia houbo feudalismo como en ningües—trouxo o debilitamento das vellas institucións xurídicas. De contado, cos Trastámaras, de fora veñen arreo bispos, alcaldes maiores, corredores, daiáns de Cabidoos e hastra cregos, coengos e abades. De por parte, chegan eiquí xentes de outros reinos, pra ser donos de terras e vasalos: os



Estúñigas, en Monterrei; os Enríquez, en Monforte e Lemos; en Ribadavia, os Sarmientos, e en Allariz, os de Benavente. E arrastan detrás si criados, recabdadores e escribanos. Non é de estranar, por ende, que endexamáis empreguen o galego nas suas "cartas" aos concellos i aos vasalos.

Xa dende os mediados do século XV, pasenñamente, vanse desfigurando as alcuñas i os nomes de lugares. A mitido atopamos trocada a eufonía galaica ca supresión dos diptongos, e vemos ansí *Pereira* convertido en *Perera*; *Sequeira*, en *Sequera*; *Codeiro*, en *Codero* i en *San Juan de la Cueva* o tan coñecido *San Xohán da Cova*.

O fracaso da Guerra Irmandiña, a gran epopeia bética do pobo galego, había de traguer consigo unha maor intervención do poder real, pra arrematar cos abusos dos señores feudais e cos niños de ladroeiros e asasinios que se acobillaran nos castelos. Pra isto os Reises Católicos houberon de criar a *Real Audiencia*, que, xunto cas Cortes do Reino—chamadas despois *Xunta*—habían de lle dar ao Reino unha nova configurazón política dentro da gran monarquía.

Mais, en troques, dende a Corte a cotío chegan eiquí, pró goberno, "criados" dos reises e dos grandes señores, os que somentes empregan a sua fala, e, aos demás, queiras que non, cómprelles adeprendela e tamén usala.

Dende os comenzaos da Renascencia lévase falado de abondo dunha suposta premática dos Reises contra o emprego oficial do galego. Afellas que non se atopa por ningures. E, como proba en contrario, temos o feito de que, inda que poucos, hai escribanos que perante todo o primeiro terzo do quiñentos non deixan de exaralos seus estormentos na fala do pobo.

Pró caso coidamos decisiva a lei dada en 1480, a petición dos procuradores das Cortes de Toledo, pola que se manda que de entón en diante non se dea tíodo de escribano sin ensame e sin licéncia do Real Consello. Desconciertas os escribanos de Galicia tiveron que deixar os seus formularios pra adeprender os alleos. De agora en diante xa non escomenzarán os protocolos co "En nome de Deus. Seipan quantos esta carta viren..." E velahi cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego.

Ourense, 1958.

Homenaxe a D. Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento.  
Editorial Galaxia. Vigo. 1985.

Xesús Ferro Counelo,  
tal como o viron:



Eugenio Caneño.



Conde Corbal

## O arcebispo fala da «festa da palabra do pobo»


SANTIAGO

Redacción

O arcebispo de Santiago, monseñor Xulián Barrio, asegura que o Día das Letras Galegas «é a festa da lingua dun pobo, a festa da identidade coa mesma identidade da historia, da cultura, da espiritualidade e tamén do mesmo destino dese pobo: un pobo con fala de seu ten vida no universo mentres esa fala teña vida».

## Grandes palabras para ocasións solemnes.

¿Bispo novo, idioma novo? Entrará agora na Igrexa a "lingua do pobo", a "palabra do pobo", a "fala dos devanceiros", a lingua vernácula que reomenda o Concilio Vaticano II?



## D. Xesús Ferro, visto por:

Carlos, Telmo e Xosé Antonio.

Estudiantes de séptimo que o visten de espeleólogo, de investigador de covas prehistóricas.


Con alongado nariz, olfato fino e lanterna buscará o rigor científico en archivos e bibliotecas.

# Fotobiografía de D. Xesús Ferro Couselo.

Diego Ortega.

Félix Carballal.



Nace Xesús o 30 de xullo  
de 1906 en Santa Comba  
de Louro, Cordeiro. Comarca  
de O Ullán.




En 1952 publica:  
**Los petroglifos de término.**


O grupo Marcelo  
Macías, de colabo-  
radores do Museo  
Arqueolóxico de  
Ourense, réndelle  
homenaxe ó fundador  
con este libro.

Foi arquiveiro e director do  
Museo Arqueolóxico de  
Ourense.





En 1964 publica:  
**Del Orense monumental.**




En 1967 aparecen os dous volumes de:  
**A vida e a fala dos devanceiros.**  
Escolma de documentos galegos  
dos séculos XIII ao XVI



D. Xesús recibe a Encomenda  
de Afonso X o Sabio.



D. Xesús Ferro, rodeado de  
familiares e amigos.



## Á ONU

Estimados compoñentes da Organización das Nacións Unidas: vostedes son os representantes da nosa sociedade e doutros moitos países.  
Nos decatámonos da graninxustiza que temos neste mundo, onde vivimos millóns de persoas, e por iso pedímoslles: **PAZ**


Xa sabemos que nunca haberá un mundo perfecto onde non haxa violencia, pero pódense mellorar cousas que non deberían de ocorrer.

Como din os filósofos, ¿ "de onde ven o mundo ?, ¿ de onde ven este mundo tan inxusto ?"

Están moi ben as vosas organizacións que dedican os seus esforzos a mellora-la saúde e o benestar da infancia e a xuventude dos países do Terceiro Mundo, como UNICEF; outras que realizan campañas de vacinación, promoven leis de mellora sanitaria, loitan contra as epidemias, como é a OMS (Organización Mundial da Saúde).

Pero segundo o informe de UNICEF, nas últimas guerras houbo 2.000.000 de nenos mortos, mentres outros 5.000.000 sofrén minusvalías e outros 12.000.000 quedaron sen fogar. No mundo hai 780.000.000 de persoas desnutridas. Un de cada tres nenos que nace nos países subdesenvolvidos medrarán desnutrido. Pero o 20% dos desnutridos viven en zonas onde non escasean os alimentos, simplemente carecen de cartos para adquirilos. A 4/5 partes da poboación mundial viven no Terceiro Mundo. Nos países industrializados tamén hai bolsas de pobreza e xente subalimentada.

O único que queremos e deixar de ver esas imaxes que a todos nos aterran. Sabemos que traballan moito para mellora-lo mundo, pero, por favor, non se rindan e sigan loitando, para que todos teñamos paz.



# *EXCURSIÓN DE 8º*

*28 DE MARZO*

*(20:30 h). Primeiro día.*

Por fin chegou a hora tan esperada por tódalas nenas e nenos de oitavo. Todos estábamos ansiosos por entrar no autobús e deixar apartados ós nosos. Queríamos vivi-la nosa primeira aventura xuntos.

*(21:00 h).*

Despedímonos das nosas familias e amigos e entramos no autobus; déronnos unha camiseta de Halcón Víaxes, patrocinadora do Equipo Nacional de Baloncesto, e dirixímonos cara ó aeroporto de Santiago.

Chegamos moi cedo, e despois de factura-las maletas, deunos tempo a percorrer todo o aeroporto e a facer algunas fotos en grupo, ata que subimos ó avión. Unha vez estivemos sentados, ás 00:30 despegamos, emprendíamo-la nosa viaxe a Barcelona; para algúns a primeira viaxe en avión. Á 1:50 (máis ou menos) chegamos a Barcelona, recollémo-la equipaxe, chamamos ás nosas casas e subimos ó autobús, despois de esperar un pouco, e dirixímonos ó Hotel Don Quijote en Lloret de Mar.

Ó redor das 4:00 chegamos, fixemos os grupos das habitacións e subimos. Ó ver aquilo levamos a gran desilusión. Non se parecian en nada ós folletiños que nos ensinaran, aquello era moi, moi diferente. As portas das habitacións estaban roídas. Tifian cátro camas xuntas e algunas delas só tifian mantas, mentres que outras, se tifias sorte, levaban tamén unha colcha. Debaixo delas había unha chea de po e un montón de paos debaixo do colchón. As cortinas e as portas dos armarios era mellor

tocalas con coidado xa que che podían caer. Algunhas das habitacións nin sequera tifian porta no baño e os mobles eran paupérrimos, mentres que o armario debía ter máis couzas cá tumba de Tutankhamón.

Despois de instalármonos comezou a "Revolución" e cambiámonos de habitacións. Nesta noite ningún durmiu, agás algunas persoas illadas da multitud.

*29 DE MARZO (7:45 h)*

*Segundo día*

Soou o teléfono dicíndonos que baixasemos a almorzar. Uns duchárons, e outros, por medo, deixárono para outro día. Baixamos ó restaurante, que era un autoservicio pero ... ¡Que asco de almorzo! Tomamos un suposto zumo de laranxa que , ó probalo, decatámonos de que era "mexo" con colorante. Logo uns croissants más véllos cós paos que había debaixo das camas e uns cereais más pálidos cá pantasma de Canterbury. Respecto ó leite, ó chocolate e ó café, nós non podemos opinar, xa que non nos atrevemos a probarlos. O pan era o único tragable.

Despois de almorzar esperámo-lo autobús sentados e durmidos nos sofás da entrada. Ás 9:00 chegou e subimos para dirixirnos a Port Aventura.

Tardámos 2 horas en chegar e ó entrar quedamos alucinados xa que aquelo era impresionante. Collémo-la entrada e o vale da comida ; e dixéronnos que podíamos ir sos pero que ás 17:30 estivesemos na porta.

Subimos a moitas atraccións e logo fomos comer ó bar do Far West, ínta que tifiamos moitos a elixir. Déronnos unha pizza, unha bebida e un trozo de tarta de queixo e frambuesas. Ás 17:30 xa estábamos na porta despois de face-las nosas compras e emprendémo-la viaxe ó hotel, xa que ás 20:00 era a hora da cea.

Despois de ceiar fomos ó que chamaban discoteca, onde só estaban un par de velllos movendo os seus traseiros polo que decidímos subir ás habitacións a facer un pouco de barullo.

Ó vota-la nosa última mexada do día vímonos negros para atoparla cadea, e cando por fin a encontramos, unha bomba nuclear invadiu a habitación.

## *30 DE MARZO (8:00 h)*

*Terceiro día.*

Levantámonos para ir a Barcelona. O primeiro que fumos ver foi o campo do Barça, polo que algúns estaban moi ilusionados, mentres que outros no tifian ningunha gana.

Despois estivemos en Montjuic vendo o palacio Sant Jordi e o Estadio Olímpico, onde unha azafata nos falou da súa construción e fixonos unha foto de grupo.

Fomos comer ó Pobo Espaniol unha cousa chamada "bolsa picnic" que contiña: unha laranxa, dous bolos de pan, díusas rodelas de embutido, un San Xacobo ou carne e un coitelo de plástico. Ó rematar demos unha volta e fixemos unhas compras. Seguidamente leváronnos ó Museo da Ciencia, onde había cousas moi raras e ó Planetario, que era en catalán, onde case todos quedamos durmidos.

Regresamos ó hotel, ceamos e estivemos no karaoke da discoteca vendo como cantaban os ingleses, os italianos, os franceses.... Estivemos un pouco polos arredores da piscina e subimos ás habitacións.

## *31 DE MARZO (7:30 h)*

*Cuarto día.*

Levantámonos, almorzamos e subimos, ó autobús. Saímos cara ó norte e paramos a ve-lo lago de Banyoles. Logo fomos a Ampurias a ver la igrexa de Santa María e a pasear polo pobo. Mais tarde estivemos na praia de Rosas paseando polas rocas e facendo tonterías.

Xantamos nun hotel de dousas estrelas de Figueras, que resultou ser moiísimo mellor có noso de tres e alí pudemos xantar como é debido e coincidimos con outra excursión de Tenerife.

Ás 15:00 h marchamos ó museo de Dalí, onde a pesar de emprega-la nosa imaxinación, non conseguimos entender ningún dos cadros.

Como aínda era moi cedo leváronnos a Xirona e estivemos dando unha volta por un parque. Logo regresamos ó hotel, ceamos, supostamente, e algúns fomos ós arredores da piscina, outros ás habitacións e os demais a un pub situado fronte ó hotel. Seguidamente fomos organizando a festa nos dormitorios.

## *1 DE ABRIL (8:15 h)*

*Quinto día.*



Levantámonos con moita preguiza despois de case non durmir durante toda a noite, debido ás festas nos corredores.

Despois de intentar almorzar aquilo chamado comida fumos a Tossa de Mar, a poucos quilómetros de Lloret, que era un pobo declarado Conxunto Histórico Nacional. Ali aproveitamos para ver un castelo moi bonito preto da praia, e algúns aproveitaron tamén o tempo para "comprar" moitas cousas.

Regresamos ó hotel e como había un pouquín de sol, deixáronos, despois de moito insistir, bañar na piscina, que era o máis presentable do hotel. A auga estaba fría e relativamente limpia pero metémonos de todas maneiras.

Xantamos e visitamos o supermercado de en fronte para poder mercar "comida". Pola tarde quedámonos en Lloret porque tífiámoo horario libre, pero comezou a chover, polo que os que foran á praia tiveron que voltar ó hotel. Nós estivemos pola piscina e coñecemos uns rusos moi simpáticos, que case non falaban castelán e nos ensinaron un pouco de ruso.

Pola noite, antes de deitarnos fixémo-las maletas e deixámos todo preparado antes de que pasasen revista por tódalas habitacións.

Foi a única noite que se pode dicir que durmimos, xa que non podíamos facer moita festa.

## *2 DE ABRIL (7:30 h)*

*Derradeiro día.*


Cun pouco de esforzo erguémonos e fomos almorzar e deixá-las maletas no autobús. Logo despedímonos do hotel, que por moi mal que estivese non queríamos deixar tan cedo. Pasarámolo seis mellores días das nosas vidas, os seis días que xamais esqueceremos e que non queríamos que rematasen xa.

Ese dia tocaba volver a Barcelona e fomos primeiro ó PORT VELL, onde demos unha volta polo centro comercial e polo peirao, onde fixemos fotos. Despois entramos no Acuario, e levamos unha decepción, porque criámos que era moito máis grande; logo baixamos á tenda na que as cousas eran moi caras e saímos todos afortunadamente sen ningunha mordedura de tiburón.

Chegaba a hora do xantar e dirixímonos a un lugar onde había moitas tendas; era como un centro comercial ó aire libre. Alí estaba o Planet Hollywood, o restaurante propiedade de actores como Sylvester Stallone; e aproveitamos para fazer fotos.

Ó rematar de xantar e de dar unha volta fomos á Sagrada Familia, algúns subiron ata o alto e outros subiron ata a mitade. Despois fixemos outra foto en grupo diante do autobús e con moito adianto dirixímonos ó aeroporto. Chegamos, facturámo-la equipaxe e déronos de merendar.


Demos unhas voltas por alí e subimos ó avión de regreso á Santiago, ás 10:00. Á volta no avión, pasámolo moito mellor xa que o piloto manexaba o avión con más suavidade que na ida.



E chegamos a Santiago; despois de colle-las maletas e chamar, subimos ó autobús que nos levaría a última parte da nosa gran viaxe, a Pontevedra, onde nos estarían esperando ás nosas familias dispostas a escouitar ben que o pasaramos.

Queremos agradecer a tódalas persoas que fixeron posible a nosa excusión, ó APA e ás persoas que nos acompañaron: Tere, Félix, Manolo e Américo.

Inés, Xiana, Merce, Cris e Patri. 8º B



Pontevedra, 27 de febreiro 1996

Excelentísimo Sr.D. Fidel Castro

Sr. Castro:

Somos dúas nenas de Pontevedra, en Galicia (España). Queríamos dicirle que o que pasa no seu país é unha inxustiza. Hai moita fame no mundo, e tamén en Cuba. Vostede debería preocuparse máis pola súa economía e polo seus habitantes. ¿ Por que non toma algunas medidas? Como, por exemplo: esas froitas tan ricas que son

naturais do Caribe, ó exportalas, gañaría bastante diñeiro; podería aproveita-las súas plantacións de tabaco, etc. Tamén debería deixar que os cubanos poidan vivi-la súa vida con más liberdade. E coa esperanza de que respecte os dereitos das persoas. Saúdos cordiais destas dúas rapazas.



Marta Rodríguez  
MªJesús Vázquez  
7º C




# HELENA E TEUCRO


## VILABOA //

PASAN CINCO ANOS DESDE A ÚLTIMA HISTORIA. OS AIÓS MARCHAÚ A BENIDORM CO INUSERSO. JENIFER CRECE E FAÍSE UNHA MOEÀ, NAMÓRASE DE MARKEL, UN RAPAZ AMERICANO QUE VAI A SÚA CASA DE INTERCAMBIO CON EUGENTO.


UENRES POLATARDE,  
NO AEROPORTO DE VIGO







# PERSONAXES



EU SON TEUCRO,  
CASA DO CON HELENA  
FALO CASTELÁN EN  
PONTEVEDRA, NA CASA  
E COS AMIGOS. FALO  
GALEGO COS MEUS  
PAÍS NA ALDEA




EU SON HELENA,  
COMUNÍCOME EN  
CASTELÁN EN  
PONTEVEDRA. ÓS  
FILOS FA LOLLAS  
CASTELÁN. COS  
SOGROS FALO GALEGO  
QUE TAMÉN SEI




YO SOY JENIFER,  
TENGO 13 AÑOS Y  
NO HABLO GALLEGO,  
PORQUE NO ES SOFISTICADO.  
ME GUSTA MAIKEL Y  
ODIO A GERARDA  
PORQUE NO ENTIENDO  
SU IDIOMA



EU SON GERARDA  
A CHACHA DE  
TEUCRO E HELENA  
E NON SEI FALAR  
CASTELÁN, PERO TEÚO  
NOIUO.



¡HELLO! YO SER MAIKEL  
VENIR A ESPAÑA DE  
INTERCAMBIO CON  
EUGENIO. YO QUERER  
APRENDER GALLEGO



EU SON BIEITO,  
O MOEJO DE GERARDA

FEITO POR:

*Evelly*  
*Vivianicabach*  
*Elisa*  
*Natalia N*

# ENTREVISTAS



## ENTREVISTA Á PROFESORA PEREGRINA

1.- Cando chegou, ¿cal foi a súa primeira impresión do colexio?  
(instalacións)

-Non me gustaron nada, tremenda.

2.- ¿Gústalle dar clase?

-Si, moito.

3.- ¿Pásao ben?

-Si, veño a gusto..

4.- Xa metida dentro do colexio, ¿qué lle parece?

-Normal, sin diferencias.

5.- Antes de vir para o colexio ¿estivo en outros?

-Si.

6.- Se poidese pedir un desexo para o colexio, ¿cal sería?

-Que houbera máis limpeza e máis orden.

7.- ¿Leva moito tempo na enseñanza?

-Si, 28 anos.

8.- ¿Pensa quedarse moito tempo no colexio?

-Si, ata xubilarme.

9.- ¿Quere engadir algo máis?

-Si, que o persoal sexa responsable e que cumplan todos o seu traballo.

| Patricia Sixto. Leticia Villaverde. 7ºC.

## O Galego

Nós queríamos saber-lo que pensa a xente sobre o galego, por iso fixemos esta encquisa. As preguntas foron a mulámosllas a persoas entre 12 e 50 anos.

Estas foron as preguntas:

1.- ¿Fala vostede galego habitualmente?

2.- ¿Cre vostede que os galegos deberían falar só galego?

3.- ¿Cre vostede que os nomes dos pobos galegos deberían estar en galego?

4.- ¿Pensa que o galego está discriminado?

5.- ¿Pensa que nos colexios galegos deberían da-las clases en galego (coa excepción de castelán e inglés)?

As respostas das 23 persoas interrogadas quedan agrupadas así:

	Si	Non
1.-	6 persoas.	17 persoas.
2.-	2 persoas.	21 persoas.
3.-	14 persoas.	9 persoas.
4.-	16 persoas.	7 persoas.
5.-	4 persoas.	19 persoas.

Nós opinamos que o galego está bastante discriminado, porque a maioría dos galegos avergónzanse da súa propia lingua, e iso non está ben. Deberían falar o galego coma o castelán, sabe-las dúas linguas. Non podemos avergognarnos dunha parte esencial da nosa cultura, porque é unha parte de nós que nace connosco, e non podemos esquecela.

Para saber que pensa sobre este tema, fixémoslle unha entrevista ó profesor D. Eduardo.



### ¿Fala sempre en galego?

Habitualmente si, sempre que o interlocutor entenda e sexa posible a comunicación. A cuestión non é tanto falar galego ou castelán, senón te-la posibilidade de comunicarse en máis dunha lingua. O don da palabra, exclusivo dos humanos, queda así potenciado polo número de linguas que se poidan manexar. Ás veces tamén falo castelán para non esquecelo.

### ¿Fálalle en galego a xente coa que se relaciona?

Uns fálanme en galego e vós, por exemplo, tendedes a escapar ó castelán; depende do ambiente en que me atope. Aquí en Pontevedra, certamente, é máis doado dar con xente que che fale castelán, en principio. Pero non é menos certo que os maiores, ó comprobaren que ti falas galego, exprésanse neste idioma sen problema, e frecuentemente con máis soltura ca en castelán. Isto é positivo porque indica que se sabe e se pode utilizar a lingua do país. Tamén demostra que non hai belixerancia nin oposición consciente ó galego; somos fillos dunha situación pasada e non superada áinda. Arrástrase colectivamente a infravaloración da lingua desta terra. Padecemos esquizocardia, témo-lo corazón roto, como di Xosé Chao.

O problema está en que para esta doença non hai ningún cirurxán que poida extirpa-lo mal de raíz, é unha enfermidade da conciencia e cómpren anos, quizais xeracións, para apreciarlo propio, para valora-lo noso sen cerrarse ó exterior. Porque sucede exactamente o contrario, ignorámola nosa cultura, infravalorámola e estamos abertos a calquera cultura exterior, como los galegos emigrantes, inseguros, que somos. Presumimos ata de non entender o galego cando somos da Canicouva ou de Xeve, e presumimos de falar inglés con acento

de Oxford; resultaño máis familiar Jordi ca Xurxo, preferimos poñerles ós fillos Elizabeth a Sabela... E así non nos facemos respectar en ningún sitio, sempre estamos en casa allea, seguindo a metáfora de que a palabra é a casa onde vivimos e maduramos. ¿Será por iso polo que, cando nos ven nunha escaleira, non saben se subimos ou baixamos?

Pero o feito tamén é negativo porque mostra que o galego é lingua que tratamos de agachar, de reservar para o ámbito doméstico, para falar coa nai ou coa avoa na fin de semana. ¿Será para disimular procedencia da aldea? ¿Está más prestixiada a cultura urbana? ¿Que vos parece a vós?

¿Pensa que nos colexios galegos debería deberían darse as clases en galego, agás as de castelán e inglés?

O que pense eu sobre o tema non ten interese. Conformariame con que se cumprise a normativa ó respecto.

Desde a Lei de Normalización Lingüística de 1983, o galego debería ser a lingua normal de comunicación da Administración Local (Concello) e de todos os organismos dependentes da Xunta, incluídos os colexios. ¿Cúmprese a lei? Se o cambio de hábitos lingüísticos non pode ser drástico, ¿intenta cumplirse? ¿póñense os medios?

O Decreto 247/1995 do 14 de setembro de 1995 (D.O.G. do 15 de setembro) adapta a Lei de Normalización Lingüística á nova situación creada pola implantación da LOXSE e é más contundente cá lei de 1983. Oíde:

"No segundo e terceiro ciclos de Educación Primaria impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural".

"Na Educación Secundaria Obrigatoria impartirse en galego a



área de Ciencias Sociais e a área de Ciancias da Natureza."

En Primaria e Secundaria o galego darase, evidentemente, en galego; por descontado que coas que lle corresponden por semana e coa mesma seriedade das outras materias.

Ás veces lávase a cara, non sei se a conciencia, coa publicación dunha revista escolar a final de curso ou cun festival de disfraces polo 17 de maio, disfraces con traxe rexional, zocos, carteis de cruceiros, de hórreos, vaquiñas e bailes de muiñeiras.

#### ¿Pensa que o galego está discriminado? ¿Por que?

Pénsoo eu e pénsao calquera que analice a situacion obxectivamente, sen pasión. O galego está discriminado porque non goza dos mesmos dereitos que ten o castelán, a pesar de que o Estatuto de Autonomía declara no artigo 1º que "o galego é a lingua propia de galicia", a pesar de que o 10.4 % dos galegos usámo-lo galego algunha vez, a pesar de que o 97% dos galegos entendémo-lo galego. Pois en contra do que se podería esperar desta situación esperanzadora, o galego está discriminado nos medios de comunicación escritos, nas emisoras de radio que podemos sintonizar, nas canles de televisión ou simplemente na competencia lingüística que tendes vós en castelán e galego, a pesar de que a lexislación antes citada esixe que ó final de cada ciclo educativo (2º, 4º e 6º de Primaria /8º de E.X.B.) teñades todos a mesma competencia lingüística en galego e castelán. ¿Que opinades vós?

#### ¿Gústalle ser profesor de galego?

##### ¿Por que?

Si, moito, pero tamén me gustaba cando era profesor de catelán ou de francés. Quero dicir que me gusta ser profesor

e traballar con persoas tan receptivas e encantadoras coma vós. A opción de galego permitele disfrutar cos vosos progresos na expresión oral e son testemuña privilexiada do voso esforzo por dominar esa lingua que se vos resiste a moitos como se fose unha lingua estranxeira. De paso, tento axudarvos a organiza-la cabeza, a viaxar polas paisaxes do coñecemento a través de estratexias de aprendizaxe que vos permitan "viaxardes" con máis autonomía de aquí en diante.

Tamén me gustaría transmitir, día a día, a idea simple de que saber dúas linguas é mellor ca saber unha, e tres mellor ca dúas. Quen desperdicia unha lingua non usándoa, sofre as consecuencias negativas, porque autolimita as súas capacidades, porque a lingua tamén configura as nosas neuronas. Se vos convencese esta idea recuperaríamos galegofalantes axiña. ¿Cando vos animaredes a falalo fóra das clases de galego? En ti, na túa decisión persoal, está a resposta. ¿Verano os nosos ollos?



Marta Rodríguez.  
María Xesús Vázquez.  
Susana Rodríguez.  
7º C.

# Entrevista a Jose M<sup>a</sup> Díos, un empregado da librería Michelena



—¿Hai moitos libros galegos á venda?

—Bastantes, cada vez máis.

—¿Cantas editoriais escriben en galego?

—Máis de 30.

—¿Podería enumeralas?

—Xerais

Edebé

Pentalfa

Galaxia

Casais

A.C.K.

Sotelo

Tris Tran

Anaia...

S.M.

Positivas

Entre outras

Cumio

Ir Indo

—¿Que tipo de xente merca libros galegos?

—Estudiantes, profesores e personas liberais.

—¿Que editorial é a más vendida en galego?

—A Editorial Xerais.

—¿Cal foi o libro más vendidos en galego no ano 1995? ¿E en Maio de 1996?

—A SOMBRA CAZADORA (Xerais), ¿QUE ME QUERES AMOR? (Galaxia)

—¿Que tipo de libros se venden más?

—Lectura recomendada.

—Entre os libros más vendidos en galego, ¿son traducións ou escritos no noso idioma orixinariamente?

—Escritos na nosa lingua.

—¿Sabe por que non se traducen más libros de aventuras e misterio ó galego?

—Teñen pouca venda.

—¿Saberíanos dicir cantas librerías hai en Pontevedra?

—Oito importantes.

—¿Cantos libros vende ó cabo dun mes?


—5.500 ± 500.

—¿Cal é o seu horario profesional?

—De 9'30 a 1'30 e de 4'30 a 8'00.

—Os libros de texto escolar, ¿mercéanse más en castelán ou en galego?

—En castelán o 75% e en galego o 25%.



## SEXAMOS AGRADECIDOS

Todos ou case todos nós temos moitas cousas polas que ser felices; casas quentes, comida, irmáns, pais... Pero hai persoas que non teñen tanto ou nada. Os seus pais normalmente son pobres, sen cartos para gastar nos seus fillos e sen posibilidade de estudos que lles poidan proporcionar traballo para gafialos. Eles non tiveron a oportunidade sequera de ir ó colexio e de aprender coma nós e moi poucos saben ler ou escribir. Ó non ter estudos non teñen traballo; ó non ter traballo non teñen calidade de vida; ó non ter calidade de vida son pobres e non teñen: casas confortables, libros, comida suficiente... Moitos dos seus fillos darían calquera cousa por ir ó colexio coma nós.

Hai unha organización chamada "Proxecto Moisés" que se interesa polos nenos e nenas pobres e contacta con persoas dispostas a pagar unha cantidade de diñeiro ó mes para nenos e nenas de Sudamérica. Este diñeiro serve para dárllles comida e colexio a estes rapaces que queren aprender a ser "algo no mundo do futuro".

Os meus pais acollerón un neno chamado Jorge ó que mandamos unha cantidade de diñeiro cada mes.

Este artigo o escribo por tres razóns:

1.-Para que sexamos máis agradecidos por todo o que temos: comida, casas, colexio, pais, libros...

2.-Que estudemos e traballemos máis pensando nas persoas que darían calquera cousa por estar na nosa posición.

3.-Para que penses como podemos, nós, axudarles: dandolles roupa nas bolsas que algunas veces nos dan no colexio, dando diñeiro ás organizacións non gubernamentais que axudan ós pobres.

Katherine Elvira 5º

## O FESTIVAL DE NADAL

Este ano o festival de Nadal foi un auténtico desastre.


Primeiro: Terían que ter contratado un local máis grande, porque o primeiro día non vimos ningunha actuación.

Segundo: Na sala onde estabamos esperando o primeiro día para a nosa actuación, había un barullo que parecía a Praza de Abastos.

Terceiro: O segundo día non terían que deixar entra-las cámaras de televisión porque cada vez que enfocaban, os nenos todos empezaban a gritar e non se oía nada.

Cuarto: O segundo día xa tiñamos asento, e fomos actuar, pero cando volvemos o noso sitio estaba ocupado e tivemos que quedar de pé ata que se baleiraron outra zona. Espero que para o próximo festival todo isto mellore.

ANTONIO FERNANDEZ 5º



## INDICE.

-¿Que é o racismo? Unha doutrina, unha teoría que sostén a superioridade dunha raza e o seu dereito a dominar as outras.

-¿Dónde se iniciou o racismo? Iniciouse no século XIX, cando os pensadores da nobreza protexían as desigualdades entre as razas.

-Exemplo de racistas: O francés Gobineau, dicía que a raza branca é a superior.

-Causa do racismo: Os países avanzados necesitan man de obra barata e, por iso, os negros, os africanos, os alxerianos ... sufrieron diversos tipos de discriminación racial.

-Resumindo: Hoxe en día, aínda quedan moitos racistas que practican a súa doutrina de maneira salvaxe.

## O RACISMO.

Dentro da unidade da especie humana, dáse gran variedade de tipos, grupo humano caracterizado polo predominio dun conxunto de rasgos físicos nos cales están: a cor da pel, a talla, o grupo sanguíneo, etc...

O longo da historia, existiron prácticas, persecucións de comunidades enteras, xeralmente debido a motivos relixiosos.

A historia explícase pola loita das razas.

III LOITEMOS CONTRA O RACISMO!!!

A revolución francesa sería a revelión (celta) democrática na contra do xermano, aristocrático e superior.

No ano 1935 estableceuse "a ley sobre cidadanía alemana", segundo a cal, aquel que non teña sangue xermano non poderá ser membro da nación, co que quedaban fóra os xudeus.

"Tódolos seres humanos pertencen a unha mesma especie e proceden dun mesmo tronco común".

"As diferencias entre individuos dunha mesma raza son menores cás existentes nas distintas razas".

Dende a súa orixe, o home dispón de medios culturais de adaptación non xenética.

Ningún grupo Nacional, relixioso, xeográfico, etc. constitúe, polo mesmo feito, unha raza. O concepto da raza entraña soamente factores biolóxicos.

## CONCLUSION.

Aínda que hai racistas, hai xente que loita contra eles, como Malcón X, Nelson R. Mandela, Martín Luther King, e moitos máis.

En que bando te unirías ti?

¡Unámonos a este último grupo e non deixemos entrar na nosa cabeza ideas racistas!

# CARTA ABERTA Ó SR. ALCALDE DE PONTEVEDRA E Á SÚA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Dende a Idade Media en Galicia estase a cometer un atropelo grande cos nosos topónimos.

Os topónimos, a parte de que indican o nome do lugar que representan, tamén serven para que a través deles poidamos investiga-la historia do noso pobo ou vila, porque case todos teñen unha gran antigüidade e case sempre responden ás características do lugar.

O que non se pode poñer nin permitir, e polo cal mandamos esta carta de protesta é a inxustiza que están cometendo de cambiar ou maltraduci-los nomes de lugares, e que o Concello e a Xunta de Galicia queiran quitárnos-la nosa propia historia poñendo, por exemplo, Geve por Xeve ou Junquera por Xunqueira.

Por outra parte, hai uns anos que en Galicia se emprendeu un proceso de recuperación dos topónimos. Agora na actualidade hai unha lei que indica as formas válidas dos topónimos galegos; ainda así segue se incumprindo a lei dende 1983.

## Lei de Normalización Lingüística. 1983.

*Artículo 6.3: Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.*

*Artículo 10.1: Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.*

*Artículo 10.2: Corresponde á Xunta de Galicia a determinación do nome oficial dos municipios. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.*

*Artículo 10.3: Estas denominacións son as legais a tódalos efectos e a rotulación terá que concordar con elas.*

¿Que pasou coa galeguización da toponimia do Concello?

¿Cando se rotulan as rúas en galego?

¿Cando o Concello converte o galego na lingua oficial?

Por iso solicitamos da Corporación Municipal catro medidas para mellora-la situación lingüística de Pontevedra:

1.-A galeguización plena da toponimia e do nomenclátor do concello de Pontevedra, para segui-lo ordenado na Lei de Normalización Lingüística de 1983: "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega" (Artigo 10.1). Evitariánse, polo menos nos escritos, nomes como Geve ou Cerponzones.

2.-Emprego do galego nos bandos, nos carteis de festas e celebracións e nas publicacións subvencionadas polo Concello.

3.-A galeguización dos servicios públicos municipais en réxime de concesión.

4.-A creación do Servicio de Normalización Lingüística para galeguiza-la documentación administrativa e as comunicaciones externas e internas do Concello.

Pontevedra a 31 de maio de 1996.

Hauke Harto Helmut K. Pinto Raquel Cott.  
Begoña Miguel Tomás Ramón Eula Belén Adriana  
Diego Juan Marcos Juan Díaz Sánchez  
Teresa José María 57



## Carta ó Alcalde

Señor Alcalde:

Somos uns alumnos do Colexio Público Campolongo que, como outros lugares públicos, está en malas condicións.

Tomamos esta iniciativa porque pensamos que Pontevedra podería ser unha das cidades más atractivas de toda Galicia. Anque parezca estranxo, hai 40 anos Pontevedra era mellor en moitos sentidos.

Hai moitos nenos que poden dicir máis cousas malas de Pontevedra que boas. A nosa intención é facerlle chega-la da opinión dos más pequenos, que moitas veces non se ten en conta.

As cousas que nos parecen que se poderían mellorar son:

\*A urbanística. Controla-la construcción de edificios que desentonen co contorno urbano.

\*A recollida da vasura das papeleiras, actualmente moi deficiente.

\*Controla-las poxas públicas de obras municipais, de tal forma que se contrate a empresa que ofrezca a mellor relación calidad-prezo e que menos tempo tarde, que non suceda o de Xoán Bautista Andrade ou de Eduardo Pondal.

\*Mantemento dos parques, instalacións deportivas e más lugares frecuentados por moita xente.

\*Contedores selectivos para a reciclaxe dos residuos urbanos, como vidro, papel, latas de bebidas.

\*Amplia-la vixilancia en parques e lugares públicos, como as pistas de Campolongo.

\*Mante-las beirarúas limpas, sen excrementos de can:

Solucións para que non excreten os animais de compañía, en rúas y parques poden ser:

1) Multas fortes ós donos destes animais, en caso de infrinxir-lo bando municipal pertinente.

2) Poñer recipientes para que os cans poidan facer as súas necesidades sen molestar á xente.

3) Obrigar ós donos a recoller os excrementos dos seus animáis de compañía.

Esperamos que vostede lea a nosa carta e que, anque non faga as cousas que lle pedimos, se dea conta do que opinan uns nenos da nosa cidade, Pontevedra.

Pontevedra, 5 de Xuño de 1996.

Víctor Muíños, Pedro Garrido, Manuel Gómez e Telmo Calle.



## CRÓNICA

Campolongo, 4 de xuño de 1996

Onte na clase de 6º C, fixemos un debate sobre os anciáns.

Uns compañeiros opinaban que o mellor sitio para eles era a residencia ou os asilos; outros, que o sitio ideal sería a familia. Tamén os houbo neutrais, que valoraban opinións duns e doutros.

### OS ANCIÁNS VIVEN MELLOR NAS RESIDENCIAS.

As residencias son edificios feitos para coida-los anciáns. Nelas teñen médicos e persoal especializado para coidalos. Organízanlleas excursións e outras actividades para que pasen mellor o tempo e de forma máis agradable.

As comidas son máis adaptadas á súa idade, e os que teñen algunha enfermidade, como o mal de Alzheimer, están mellor atendidos.

Algúns anciáns pasan nas residencias os días da semana, e os sábados van á casa das súas familias.

Ademais, como agora as casas son máis pequenas e ás veces non hai moito sitio para todos, os pais están obrigados a coida-los os seus fillos e non poden dedicarles tanto tempo ós avós, pois ás veces traballan o pai e a nai, quedando pouco tempo para eles.

### OS ANCIÁNS VIVEN MELLOR EN FAMILIA

Os anciáns que viven en familia teñen más vantaxes cós que viven afastados dela, xa que están coidados polos seus fillos e netos. Ademais teñen máis liberdade para entrar e saír da casa e para participar nas festas e nos acontecementos familiares.

Cando os avós foron xoves coidaron dos seus fillos e despois dos netos e non os mandaron fóra da casa, por iso lles será moi difícil entender que a eles os envíen a unha residencia. Vimos en programas de televisión, que gran parte dos anciáns que viven en centros afastados da familia estaban tristes e daba moita pena velos.

### NEUTRAIS

Se hai anciáns que carecen de familia, mellor estarán nunha residencia ou asilo, onde estarán mellor coidados e relacionaranse con outras persoas da súa idade.

Hai anciáns que prefieren estar en residencias, porque na casa os tratan mal, ou pensan que son un estorbo e non queren ser un problema.


### CONCLUSIÓN: ¿ QUÉ PENSAMOS NOS?


Pois pensamos que os avós, avoas e outras persoas queridas fanse vellas e hai que dáralles cariño, amor e outras cousas.

Coñecerán máis xente na residencia onde contarán batallínas e divertiranse cos compañeiros, irán de excusión, ... pero nós pensamos que o mellor é o fogar; nin asilos, nin residencias, nin excusións, nin batallínas, o mellor é o cariño dunha familia que está agradecida polo que fixeron por ela.

Aqueles que por desgracia non os queiran ou non teñan familia... entón si, para eses están as residencias.

Ignacio García e Alberto Piñón, 6º C






## Naceu unha estrela...

Naceu unha estrela... e unha constelación de mascotas, que competiron deportivamente como candidatas a MASCOTA DA BIBLIOTECA do Colexio Público CAMPOLONGO.

Despois de moito matinar, o xurado proclamou vencedora, inclinándose por este trío de personaxes misteriosos, rectangulares, que poden dar moitas sorpresas, que gardan nás súas páxinas moitas historias para quen queira entrar nelas.

Chámase ETRILIBRIO PERFECTO, e aquí está, en exclusiva primicia para tí:




O meu nome parece un trabalinguas, pero tí ben sabes, asisado lector, por que me bautizaron así. O meu apelido, en cambio, é perfecto. ¿Ou non?

As outras mascotas, algo tristeiras elas, comprenden o xogo, case sempre frustante, dos concursos e, a pesar de todo, están moi felices e ledas de nos poder animar a entrar nos libros e de nos acompañar na biblioteca.

Gracias a todas elas por darnos ilusión, fantasía... e toda a imaxinación que nós queiramos poñer. ¿Que sería un mundo sen libros?

E aquí están tamén para vós:



### ¿QUE É PARA TI UN LIBRO?



Un libro é un instrumento para desarrollala imaxinación.


Unha diversión que nos axuda a aprender moitas cousas.

Unha viaxe pola imaxinación e por un mundo cheo de mil aventuras e diversión.

Tamén é a forma de amplia-lo noso vocabulario e aprender cousas novas.

Colectivo 8º






## ¿QUE É PARA TI UN LIBRO?

- Para min é poder vivir algo que na realidade non podo facer.
- É un mundo de ilusións, no que podes imaxinar o que queiras.
- É unha forma de divertimento e aprendizaxe.
- É un entretemento moi bo para pasa-lo tempo.
- É coma un soño en realidade, que non se pode ver na vida diaria.
- Para min é unha forma de saír do noso mundo de realidade.
- Un libro é unha historia escrita na que podes imaxinar as escenas.
- Un libro é unha porta, pola que, ó pasala descubres un lugar cheo de aventuras e cousas divertidas.
- É unha historia real ou ficticia relatada por escrito pola que entras nun mundo novo.
- Para min o libro é unha forma de entretemento e diversión.
- Para min un libro é unha aventura e unha diversión na que ti podes se-lo protagonista.
- É unha maneira de pasa-lo tempo.
- Para min un libro é coma unha viaxe sin saír da casa.
- Para min cun libro podo aprender vocabulario.
- Para min un libro é coma un amigo máis que me axuda a imaxinar cousas.
- Para min un libro serve para aproveita-lo tempo nos ratos libres.
- É unha forma de aprender e divertirse e aumenta-la imaxinación.

# BIBLIOTECA



A nosa biblioteca ten movida, anque non sexa a "Movida na biblioteca" de J. Gregori. Isto é positivo nun país de moi baixo índice de lectura. Gústanno-los libros que van saíndo. Os editores defenden a boa calidade do libro galego. A metade dos libros das feiras de Galicia serán en idioma galego este ano. Témo-lo honor de contar con varios escritores que están conseguindo moitos premios de literatura infantil, no ámbito nacional, como Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo, Gloria Sánchez ou Paco Martín. Varios escritores galegos están na Lista de Honra do IBBY.

En 1994, último ano con datos oficiais, publicáronse en galego 834 libros, ¿moitos? Menos ca en 1992. Poucos se os comparamos cos publicados no mesmo 1994 en castelán: 42.783; en catalán: 5.281; en en éuscaro: 1.076.

Nós queremos colaborar neste proceso de recuperación cultural poñendo a forza do lector, a enerxía que move a industria editorial e eleva o nivel cultural.

Estes son os libros que máis nos gustaron ós de 8º neste curso:

## EDITORIAL XERAIS:

*¡Asústate Merche!*.FINA CASLDERREY.Colección "Fóra de Xogo".

*A sombra cazadora*.SUSO DE TORO.Colección "Fóra de Xogo".

*O zoo do Pitus*.SEBASTIÁ SARRIBAS I ROIG.Colección "Merlin".

*As flores radiactivas*.AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ.Colección "Merlin".

*Dúas bagoas por máquina*.FINA CASLDERREY.Colección "Merlin".

*Perigo vexetal*.RAMÓN CARIDE.Colección "Merlin".

*Cando petan na porta pola noite*.XABIER P. DOCAMPO.- Colección "Merlin".

*Os Mornias*.LOLA GONZÁLEZ.Colección "Merlin".

*Talego*.XOSÉ BALLESTEROS.

## EDITORIAL GALAXIA:

*Mecanoscrito da segunda orixe*.MANUEL DE PEDROLO.Colección "Árbore".

*O Principiño*.ANTOINE DE SAINT-EXUPÉRY.

*S.O.S*.PEPE CARBALLUDE.Colección "Árbore".

*Das cousas de Ramón Lamote*.PACO MARÍN.Colección "O Barco de Vapor".

## EDITORIAL ALFAGUARA:

*Boy*.ROALD DAHL.

*As aventuras do pequeno Nicolás*.RENÉ GOSCINNY.

*As vacacións do pequeno Nicolás*.RENÉ GOSCINNY.

*O pequeno Nicolás*.RENÉ GOSCINNY.

Para os de 7º estes foron os preferidos:

Tristes armas  
Un ordenador nada ordinario  
As bruxas  
Sherlock Holmes, detective  
Un olló de vidro  
As flores radiactivas  
O principiño  
Memorias dun neno labrego  
Cando petan na porta pola noite  
O outro lado do sumidoiro  
O enigma de Enbívicos  
¡ Estás coma unha cabra !  
A cidade Maldita  
Dúas bágoas por máquina  
O pequeno Nicolás  
As vacacións do pequeno Nicolás  
A casa abandonada  
Un berro no silencio da noite  
Das cousas de Ramón Lamote  
Competencia a morte  
Trece anos de Branca  
Chamizo  
Mecanoscrito da segunda orixe  
A sombra cazadora  
¡ Asústate, Merche !  
Contos por palabras

### ¡Asústate, Merche!

Trata dunha rapaza que ós catorce anos xa empeza tendo problemas de tipo amoroso e familiar. Tenta fuxir deles pero, coa axuda da amiga, ó final afróntaos.

Recomendamos este libro a tódalas persoas ás que lles gusten os libros de amor e aventuras, cun final feliz.

Xiana e Inés.

### Rebeldes.

Foi o libro que máis me gustou de tódolos que lin.  
Trata dunha cuadrilla de mozos que viven na cidade e que contan os seus problemas. O personaxe que máis me gustou foi Ponyboy, o protagonista, porque non é nada superficial e é moi sincero.

Méteste tanto na historia, que che parece que estás ti alí, e ata chorás. Gustoume moito.

Ester Rodríguez. 8º


Merecen especial mención os lectores que devoraron máis libros desta biblioteca. Seralles entregado en breve o DIPLOMA SUPERLECTOR INTRÉPIDO. Recibiron xa, e que lles quiten o bailado, a SUPERMALETA FANTÁSTICA, cargada de historias, personaxes, aventuras, sentimientos...


- Javier López Savajanes, con 51 libros lidos (8ºB)
- Paulo González Ogando, con 33 libros (8ºB)
- Manuel Viñas Solla, con 28 libros (6ºC)
- Rubén Pesqueiro Souto, con 24 libros (3ºC)
- Jorge Casal Piñón, con 21 libros (5ºA)

Os libros más lidos foron:

¡ Asústate, Merche !  
O zoo de Pitus  
O pequeno Nicolás

*Maria González Domínguez, Estefanía Agurar García, Pablo Gayoso García; todos eles de 8º.*





## TRECE ANOS DE BRANCA

Agustín Fernández Paz

Este libro gustoume moito.

Trata dunha nena que ten unha enfermidade chamada hepatite e celebra o seu cumpreanos na casa e na cama. Unha das súas amigas regálalle un alburn. Branca, mentres coloca as fotos, vai contando o que sucede eneses días, algo que nos pode pasar a calquera de nós aunque non sexamos Branca.

Aconséllovos que o leades, será entrar no círculo dos amigos de Branca.

| Adela Martínez Crespo  
7º B

### Un ollo de vidro

Un ollo de vidro conta a vida e experiencias dun esqueleto no mundo dos mortos, dunha forma peculiar e insólita. O autor é Castelao.

Ista é unha historia para os que lle gusta a comedia, pero con un fondo escuro e triste. Ten un argumento moi especial e o acabar de ler este libro, reflexionas sobre a forma con que se toma o autor a morte.

Telmo Calle e Manuel Gómez

### Pirata da Moureira

O Pirata da Moureira foi escrito por Jorge Parada Mejuto. Trata sobre a vida de Benito Soto, un home nacido nos arrabaldes da Moureira (Pontevedra).

Por influencias do seu tío Xosé Abal, contrabandista, e outras circunstancias da vida viuse de capitán do "Defensor de Pedro", un barco mercante que el adicou á piratería.

No ano 1830 foi capturado nas costas de Cádiz, xulgárono por tódalas fechorías e foi sentenciado á morte.

O 25 de xaneiro do ano xa citado, ás dez da mañá foi aforcado e a súa cabeza colgada dun pau.

É un libro moi interesante, sobre todo para as persoas que viven en Pontevedra, porque fala da vida que se levaba hai un século e decátase do moito que cambiou todo, unhas cousas para ben e outras para mal.

Yolanda Tourón Besada Nº 8 7ºB

### Dúas bágoas por Máquina

Máquina, o can de Xusta, desapareceu un día. Xusta fixo todo o posible para encontralo, pero non o atopou. O pai de Xusta, ó ve-la tan triste, contoulle que levara a Máquina moi lonxe porque daba problemas e pola súa culpa despedírono do traballo.

O pai de Xusta foi buscar a Máquina pero non o encontrou.

Un día cando Xusta saía do colelio co seu amigo Arturo un can a


moita velocidade se dirixia cara ela, era Máquina.

Máquina morreu cando intentaba salvar a avoa de ser atropelada por un coche.

Este libro gustoume moito porque é moi divertido. A parte que más me gustou foi cando Máquina encontrou a Xusta.

Mercedes Juncal Froján 7ºB

# Viaxando por outras literaturas.



## OS GATOS ESCRUPULOSOS

¡Que dor!, por un descuido  
Micifuz e Zapión  
comeron un capón  
nun asador metido.  
Despois de terse cambiado,  
trataron en conferencia  
se obrarían con prudencia  
en come-lo asador.  
¿Comérono? ¡Non, señor!  
Era un cargo de conciencia.



P. A.

## POR QUE ESCARVA A GALIÑA

Antigamente o milano non roubaba os pitiños para comelos, era un gran amigo da galiña.


Pero un triste día ocurreu algo que cambiou as cousas para sempre. Como a galiña viu os fillos do milano ben afeitados, foi a súa casa pedirlle prestada a navalla de afeitar para rasurar ela tamén os seus pitiños.


O milano deuilla dicindo que facía unha excepción con ela por tratarse dunha amiga, e recomendoulle moito que non a perdera. A galiña, o volver a súa casa, afeitou a tódolos seus fillos e logo esqueceu a navalla no chan. Os pitiños collérona para xogar e acabáron perdendoa. Cando os catro días foi o milano a recollela, non houbo forma de atopala.

A galiña, avergoñada e confusa, confesou o que sucedera e prometeu seguir buscando a navalla. O milano, moi enfadado dixo que regresaría dous días despois. Cando regresou, a navalla non aparecera áinda, e entón levou un dos pitiños ameazando con levalos demais, se non lle devolvían a súa navalla.

A galiña, desesperada, chamou na súa axuda a tóldalas irmáns para que a axudaran a buscalo. Todo foi inútil e hoxe todavía seguen buscándola por todas partes. Por iso a galiña escarva e o milano segue roubando os pitiños.

\*O que na vida só pensa en xogar,  
moi pronto perderá a súa vida e a  
liberdade.





## DUAS RÁS NUNHA XARRA DE NATA

En certa ocasión, dúas rás encontraron unha xarra chea de nata e meteron o fuciño. Tanto o meteron que caeron dentro.

A xarra era de barro, moi lisa, e as probes rás non encontraban onde agarrarse e non podían saír. Estaban desesperadas e non vián como saír de ali. Despois dun anaco, nandando de acá para alá pola nata e logo unha delas deixou de loitar.

¡É inútil! ¡Non sairemos daquí!

E deixouse ir ó fondo, adogando na doce nata. Pero a segunda rá non se rendeu tan facilmente. Continuou nadando, e axitándo desesperadamente ás súas patas e batendo a crema en tódolos sentidos, ata o punto de se converter nun gran montón de manteiga fresca. Subiu polo montón de manteiga e saíu da xarra. Dende entón dise:

- Axúdate e o ceo axudarache.



## AS GALIÑAS GORDAS E AS FRACAS


Vivían nun curral varias galiñas: unhas ben cebadas e gordas; outras, pola contra, fracas e mirradas.


As galiñas gordas, orgullosas da súa boa facha, burlábanse das fracas e insultábanas chamándolles osudas e mortas de fame.

Pero o cociñeiro, debendo preparar algúns pratos para o banquete de Aninovo, baixou ó galiñeiro e elixiu as mellores que ali había.

A elección non foi difícil. Entón, vendo as galiñas gordas o seu fatal destino, envexaron a mellor sorte das súas compañeiras fracas e esqueléticas.

\* Non desprezemos xamais ós débiles; quizais teñan mellor sorte ca nós.





## O can e a sombra.

Vouvos contar que unha vez  
pasaba un can por unha ponte:  
levaba un queixo na boca.  
Cando chegou á metade da pontiña,  
veu no vado a sombra do seu queixo.  
Pensou para si mesmo  
que quería consegui-los dous:  
foi niso demasiado cobizoso.  
Salta á auga ó tempo que abre a boca  
e o queixo caeulle;  
viu unha sombra e esta fai  
que perda ata o seu queixo.

Isto debe servir de lección  
a tó dolos que cobizan demasiado.  
O que cobiza máis do que é xusto,  
por si mesmo vese decepcionado,  
pois con frecuencia perde ata o seu,  
sen conseguir-lo alleo.

### TRADUCCIÓN:

Susana Fernández, M<sup>a</sup> Carmen Pintos,  
Paula de la Vega, Noemí Quintas



Pillex



## O CABALO E O LEÓN

Un día que o cabalo vagaba pola estepa  
topouse co león. O cabalo xamáis vira un animal  
parecido e tamén o león vía o cabalo por  
primeira vez. O león quedouse inmóvil e  
preguntou:

-¿Que estrano animal és?

-Son o rei dos animais, respondeu atrevidamente  
o cabalo.

A resposta disgustou moito o león, que ruxiu:

-¡O rei dos animais son eu!

Pero o cabalo no se deu por vencido e  
replicou:

-¡Diso nada! ¡Eu son o rei dos animais, porque  
son o más forte!


-Isto tes que demostraloo volvے e ruxiu o león  
O cabalo insistiu:

Acepto o desafío. ¿Ves esa roca?

Rompela ata facela pedazos. O león tensou os  
músculos e golpeou a roca con toda a força das  
súas patas, pero non consiguiu facela pedazos.

-¡Ves como che falta forza! exclamou o cabalo.  
Agora tócame a mí.

E golpeou a roca coa ferradura dos seus cascos  
e a rompeu en mil cachos. Ó ver semellante  
prodixio, o león volvے co rabo entre as patas, a  
pesar de se-lo verdadeiro rei dos animais.



## O LIXO INVADE A TERRA

Crónica.Campolongo, do 10 de xuño.  
Xiana, Inés, Cristina, Mercedes e Patricia.

- ¿ Que se pode facer ?

A mellor solución ó problema dos residuos é evitar producilos. Nós podemos axudar moito, cambiando algúns dos nosos costumes. Por exemplo, cando fagámos-la compra, podemos compra-la froita solta en troques da que ven empaquetada, que produce residuos innecesarios. As botellas retornables pódense lavar, reencher, e reutilizar moitas veces. Unha botella de leite pódese usar máis de 20 veces. As bolsas de plástico, poden utilizarse moitísimas veces. A roupa usada e outros artículos pódense levar a tendas que compran roupa usada, a

mercadillos e institucións benéficas.

Podemos reduci-la cantidade de residuos comprando artículos reutilizables ou reciclables.

A cantidade de lixo que producimos aumenta cada ano. Os vertedeiros crecen ó redor das cidades.

Estámonos quedando sen sitio para tanto desperdicio, e sen recursos para fabricar os bens que desperdiciamos.

- ¿ Que podes facer tu ?

\* Recicla todo o que poidas: o papel, os metais, o vidro e os plásticos

\* Reutiliza os productos mentres poidas: aforra recursos e enerxía.

\* Evita o exceso de envoltorios .

**O lixo  
invade  
a  
TERRA**

**A  
X  
U  
D  
A**

## A ÁRBORE



As árbores son unha fonte de vida moi importante para nós, os humanos.

Contribúen a regula-las precipitacións e tamén en caso de choivas torrenciais fan un efecto de esponxa, e verten as augas ós ríos e lagos máis próximos.

Axudan a que cando chova moito ou tamén se vai moito vento contribúen a que non se corra o chan.

Nós, os humanos, somos os maiores beneficiarios das cousas que nos proporcionan as árbores.

As accións que podemos levar a cabo para cooperar á poboación arbórea e combatela desertización son:

- Tallar algunhas, pero poucas, árbores e controladamente.
- Repoboar zonas nas que non abunde a vexetación.
- Evita-los incendios e penalizar ós que os provoquen.
- Evita-la destrucción do ozono para que poida chover con más frecuencia nos lugares secos.

Coa abundancia de árbores tamén se contribúe á conservación do aire oxigenado e tamén a conservar moitas especies animais, como as aves ou roedores que fan os seus niños nelas.

Nas grandes cidades onde abunda a contaminación no aire debe haber zonas verdes onde sobre todo os nenos e persoas maiores poidan xogar e pasear, e namentres respirar aire un pouco máis limpo.

En Galicia non temos moitos problemas de falta de vexetación arbórea. Pero en sitios onde as chuvias son moi escasas teñen moitos problemas de contaminación, debido á falla de especies arborícolas, porque non teñen moitas opcións para osixenalo aire. Nestes sitios as doenzas cardio-respiratorias son abundantes.

¿Qué fas ti por defendelas árbores?

- Patricia Sixto

7°C

- Leticia Villaverde

### DÍA OFICIAL DA ÁRBORE

Tódolos anos desaparecen milleiros de árbores a causa dos intensos incendios que moita xente propicia. E cada ano celébrase o Día Oficial Da Arbore que serve, ou debería servir, para concienciar ós cidadans da deforestación masiva da Terra e intentar evitala.

Pódense utilizar diversos medios, como a idea de multar fortemente ós pirómanos, ou ben reciclando o papel e non ter que talla-las árbores para conseguilo.

As arbores son coma os pulmóns da Terra, e por iso as debemos cuidar.

A xente, inconscientemente, tamén prexudica a natureza, contaminando con seus refugallos, papeis e botellas, especialmente as botellas, que co seu plástico PVC contaminan moito.

## ♣ A ÁRBORE ♣

Fai moitos anos eu medrei dunhas semillas, estaba rodeado de moitos amigos da miña especie e de outras.

Uns anos máis tarde, empezaron a vir homes con motoserras, que non me gustaban nada.

Pasado un tempo, dinme conta de que cada vez quedaban menos árbores, e iso poñíame moi triste e nervioso porque o mellor podíanme tronzar.

Máis tarde, construíron unha fábrica que nos facía enfermar a todos e, moitos de nos, morríamos.

Fai tres meses quedeime só, rodeado por lixo e sen ningunha das miñas follas, ademais entristeceume non ter ningún animal nas miñas polas.

Agora xa sei como é a fabrica á que tiñamos tanto medo, porque leváronme despois de tronzarme.


Non me queda moito tempo de vida, se queres que esto non pase máis veces, ¡axuda ás árbores!


Aínda que pensedes que esta historia da miña vida é unha ficción, non o é, está pasando en moitos lugares de Galicia, e de todo o Mundo.

Por favor...

¡ ¡ PENSÁDEO ! !

Pedro Garrido, Manuel Gómez,  
Jose A. López e Telmo Calle.





## ESLOGANS

- NUN FUTURO NON MOI DISTANTE TEREMOS QUE VE-LOS ANIMAIS EN FOTOS. ; IMPIIDEO! .
- UTILIZA PAPEL RECICLADO, SENÓN O BOSQUE QUEDA PELADO.
- É MELLOR VER CA MATAR.
- SE A CAPA DE OZONO QUERES COIDAR, LACA NON DEBES USAR.
- SE A NATUREZA QUERES COIDAR, DEIXA DE MATAR.
- PARA NON PARAR DE RESPIRAR, A NATUREZA HAS DE COIDAR.
- A CAPA DE OZONO NON DEBES ESTROPEAR, PORQUE SENÓN PODEREMOS ASFIXIAR.
- OS BOSQUES SON OS NOSOS PULMONS, CONSERVAOS.
- SE TES QUE USAR PAPEL, O RECICLADO ESTÁ MOI BEN.
- SE PLANTAS UN CARBALLO, SERÁS RECOMPENSADO.
- SE QUERES NADAR EN PAZ, DO NOSO MAR TES QUE COIDAR.
- DESTRÚE AS ONDAS, NON AS PRAIAS.
- SE A TÚA ESCOPETA ESTÁ SEN BALÍNS, UNHA "VIDIÑA" NON CHEGARÁ A S FIN.




ANDREA GONZÁLVEZ DE JESÚS.

ROCÍO MORQUECHO CEDILLO.

MARÍA FERNÁNDEZ GONDAR.


MARÍA DE LA PAZ PANERO RODRÍGUEZ



### O Arquivo Historico Provincial.

Non moi lonxe da Alameda,atópase un edificio de estilo neoclásico do século XVIII.Ten un pórtico de oito columnas que soportan un gran frontón.Sepárase da rúa por unha grosa reixa e unha ampla escalinata de pedra.Hai dúas esfinxes adornadas con palmeiras. Foi construído en 1910 por Euloxio Fonseca,dono de moitos edificios. Primeiro converteuse en casa da cultura , na súa planta baixa estaba a biblioteca,e na superior o Arquivo Historico Provincial. Nestes momentos está reformado e convertido no Arquivo Histórico Provincial.

Maria González Domínguez 8ºB





Remexendo no faiado das casas dos nosos avós, atopamos libros da Pontevedra doutros tempos, que informan de cousas que agora nos resultan difíciles de crer. Recollemos algúns datos sobre lugares que nos pareceron de interese.

- 1. A estación vella do tren.**
- 2. O tranvía de Pontevedra a Marín.**
- 3. A Praza da leña.**
- 4. Os inicios da radio en Pontevedra.**

#### 1.- A ESTACION VELLA

A Estación do Tren estaba situada en Pontevedra no lugar que agora ocupa o noso Colexio de Campolongo e a Praza de Galicia. A súa construción data de finais do século pasado. A chegada da primeira locomotora a Pontevedra ten lugar preto de 1884.

A Estación era un lugar recoleto que contaba cun restaurante que tivo moita popularidade pola súa comida. Era un lugar de xogos para os rapaces e de paseo para os maiores.

A Estación vella desapareceu polos anos 60 cando, debido ao crecemento da cidade, se fixo necesario o seu traslado ás aforas da cidade. A oposición foi moi dura polos danos que sofrirían os negocios hostaleiros da zona. Finalmente o traslado tivo lugar e, ó mesmo tempo, desapareceu tamén o tranvía de Pontevedra-Marín.



Estación de ferrocarril dos anos 20.  
Neste solar está agora o noso colexio.  
A primeira locomotora chegara aquí polo 1884.

## 2.- O TRANVIA PONTEVEDRA-MARIN

A importancia do Porto de Marín a finais do século pasado e o inicio do auxe das súas praias, polas celebridades que pasaban o verán nelas, fixeron pensar na necesidade dun tranvía que unise Pontevedra e Marín. En xuño de 1889 inaugurouse esta liña.

O tranvía era unha máquina pequena, alegre, cómoda e pintoresca que tiña pequenos pero elegantes vagóns de 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> clase. Tiña paradas en Mollabao, Lourizán, Os Placeres, Estripela e remataba en Marín, onde tiña o "Despacho de billetes".

O que pensaron que seria un bo negocio, co tempo tornouse unha ruina e os propietarios deixaron de coida-lo tranvía, polo que a conservación dos vagóns e da máquina era moi malo: perdía pezas en cada viaxe e a súa puntualidade cada vez era peor. As veces chegábase antes andando que nel.

Finalmente, desapareceu e o seu servizo foi sustituido polos trolebuses que tiñan tamén a parada na Praza de Galicia.



Estación do tranvía polo ano 1900.

Conductores como Aparicio, Cobos, Maneiro e Magaliños esquecíanse do tranvía e paraban a saúdar ós amigos.

Xosé Echegarai era invitado polos conductores a subir ó tranvía e rexeitaba o ofrecemento disculpándose con que levaba presa e chegaba máis rápido andando. Fixérонse moitas coplas humorísticas sobre o tranvía.

Fernández Flóres escribiu unha crónica sobre aquel entrañable tranvía, que se desprazaba á vertiginosa velocidade de 6 km/h; asombroso, ¿non si?



Un vello tranvía.

### 3.- A PRAZA DE LEÑA

Case tódalas prazas de Pontevedra eran coñecidas popularmente polo que nelas se vendia: leña, verdura, pan, galiñas...

A Praza da Leña, situada preto da Ferrería e da Praza da Verdura, era o lugar onde se celebraba o mercado da leña. As mulleres cargadas coas cestas e sacos de leña e piñas acudian a ela para vendela desde as aldeas próximas. Era a leña que sostiña o fogo nas cociñas, fornos e calefacciōns.

Na fotografía pódese ver un típico dia de mercado a principios de século. O fondo, atópase o bar "La Flor" onde, primeiro estivo unha escola pública e, a partir de 1927, ubicouse o Museo de Pontevedra. Na fotografía tampooco vese o cruceiro que actualmente centra a praza. Este sería instalado anos máis tarde polo propio Museo.




Mercado da Praza da Leña a comezos de século.

#### 4.- OS INICIOS DA RADIO EN PONTEVEDRA

Foron os irmáns Vázquez Lescaille, que tiñan un establecemento na rúa Peregrina, os pioneiros das emisoras de radio en Pontevedra. Na trastenda do local montaron unha pequena emisora de pilas mercada de segunda man que, tras diversas probas, se comenzou a escocitar nun radio de 1 kilómetro. Facian programas e anuncios (chocolates e aparatos eléctricos que vendían os que traballaban na radio). Pouco a pouco foron chegando outros anuncios e discos de moda.

A Guerra do 36 marcou un cambio moi importante na programación, sobre todo polos partes de noticias.

En 1942 os irmáns Vázquez Lescaille traspasaron a emisora a José Hermida Vidal e empezou a historia de Radio Pontevedra.




Nace unha nova emisora e é inaugurada cunha homenaxe a aqueles pioneiros que a base de entusiasmo fixeron o aparente milagre de poñe-la cidade sobre as ondas.

Paula de la Vega.  
Ester Rodríguez.  
Adriana Díaz.  
Silvia Blanco.  
M<sup>a</sup> Pilar Bouzas.  
Félix Carballal.  
Xosé M. Estévez.

Marcos Fernández.  
Xoán Castro.  
Miguel Castro.  
Ana Neira.  
Xoán M. Amo.  
Santiago Fernández.  
Iván de Jesús.

## OS HÓRREOS EN GALICIA



Hoxe, na clase de Anxo, o mestre mandou unha redacción sobre os hórreos. O chegar á casa...

- ¡Avó, avó! - Berrou Anxo.

- Non estou xordo, filliño. A ver, ¿que queres?

- Ti non sabera-lo que é un hórreo, ¿verdade?

- ¿O que?

- Un canastro.

- ¡Ah!, pois un canastro é coma o graneiro que está diante da casa da aldea.

- ¿Ese que ten catro columnas onde metémo-lo millo? - Preguntou o rapaz.

- Si, Anxo, si.

- ¿E cantas partes ten?

- Pois terá cinco ou seis.

- ¿E cales son, avo?

- ¡Que pesadiño estás hoxe!

- Porfa avoíño

- Está ben, está ben. As partes dun canastro son: os pés, a sobrepena, a tixeira, o cume, e algún máis.

Tamén debes saber que ten outros nomes como graneira, canizo, sequeiro, celeiro e palleira.

- Pois no diccionario trae más cousas.

- Que van saber eses señoríños da cidade.

- Serán uns señoríños da cidade, pero aquí pon que teñen pegollos para soste-lo hórreo.

- Pois na miña terra chámalles pés. - Refunfuñou o vello. - Trae para acá, a ver que pon. Ves, eu tiña razón. Iso é en Asturias.

- Tamén pon que ten cepas, para que non entren os ratos.

- Iso tamen o sabía eu.

- ¿E que son esas cousas raras que metemos no canastro?

- Pois, ademais do millo, metemos centeo e paínzo.

- ¿E só serve para iso?

- Non, tamén serve para seca-lo millo.

- ¿E como o fai?

- Pois, gracias ós buratos que ten, entra o aire e sécao. Non pode estar húmido, porque se non, non seca ben e bla, bla, bla...

- Vale, vale, xa chega. Vouno pasar ó ordenador, para que estea más limpo.

- Adeus.

- Ata logo e gracias. Xa cho pagarei.

- Chégame cun aprobado.

- Iso está feito.

Ó día seguinte...

- Manoliño... Ben; Paulo... Sobresaliente; Anxo... Notable. Vexo que traballastes moito. Para mañá, quero que me traiades un traballo sobre as catedrais. Espero que saian tan ben coma estes.

Xabier López  
Pablo Gayoso  
Carlos García

Héctor Pintos  
Pedro Leonard  
Rubén García.

PINCHE DO PENAL

PISO

COLUMNAS

TORNARRATOS

PÉS


CUME

SOBREPENA

BALAGUSTOS

CINTA

## MOVEMENTOS XUVENÍS



### OS "PIJOS"

Un dos movementos xuvenís máis estendidos é o dos "pijos".

Visten a roupa más cara do mercado e marcas como Lacoste, Levis, Charro e Pepe.

Estes nenos están moi mimados, e como os pais lles consenten todo, métense no mundo da droga, non por curiosidadde, senón por facerse os valentes.

Gastan moito diñeiro, compran roupa de dúas en dúas semanas, non de tres en tres meses, que sería más normal. Levan todo á moda, dende o peiteado ata os pantalóns.


A música que máis lles gusta é o Pop-Rock e as baladas. Grupos como Hombres G ou Moestia Aparte.

Fuman, beben e emborráchanse moitas veces, o que para eles é unha diversión, e despois andan tirados polas rúas vomitando.

Creñense os mellores en todo, inda que sexa evidente que non o son.

Este movemento é malo para a sociedade, pois nas rúas provocan pelexas e fan barullo.

Din frases como: Xúrocho por Snoopy ou tamén que morran os "Hombres G".



### OS "RAPPERS"


Son fillos da rúa, rapaces de barrio. Non lles gustan nin a violencia, nin as drogas, nin a cidade onde viven. Por eso están en loita. As súas armas son o Rap, un estilo de música e de vida e un espírito inquedante.

Sempre acusan e sinalan co dedo, que é polo que se definen. Apareceron hai uns 10 anos no tuburios de Nova York. O principio eran negros fartos da discriminación racista.

Escribiron cancións con letras de forte contido político e social. O grupo N.W.A. ("Niggers with Attitude"), sacaron un disco co nome "Fuck the police" (fóde á policía), e o F.B.I. denunciounos.

Denomínanse B-boys e B-girls (o "B" significa ritmo).

En España a música perdeu a orixe racista e os seus representantes proceden de modas de finais dos 70.



Hai 3 tipos de actividades:

Rap en inglés significa transmitir por golpes vocalistas unha mensaxe.

Por outro lado, xunto ós vocalistas, denominados "mestres de ceremonias", están os DJ, ou "Disk-Jockey", que se encargan dos efectos especiais.

Por último, dentro e fóra do escenario, prodúcense dúas manifestacións: Os Graffiti e o baile. Enchen as paredes e os metros cos seu nomes, logotipos e vomitados (un nome pintado nunha parede en grandes dimensións).

Para eles todo é válido mentres non se copie o estilo doutro. O que cometa ese fallo recibirá o nome de "Toy", que aparcerá na súa firma. A esto chámasele "pisar" a un imitador.

Os practicantes más veteranos do Graffiti chegan a pintar grandes murais, o que lles pode levar varios días.

Os grupos "Rappers" más coñecidos son:

Sindicato del crimen, Estado cuítico, Vanilla Ice ou Nene Cherry.

Os sus lemas más coñecidos son:


"Isto é a xungla e nós sómo-los reis".

"Isto nunca foi pacifista... amor, amor".

"Pensa en ti e fode a todo o mundo".

"Cervexa, mulleres e anarquía".

"PUNK"



Cara ó ano 75 empezouse a chamar punks a algúns grupos norteamericanos que imitaban os sons dos ingleses.

Aprenderan dos grupos americanos e os cantantes negros.

Coa mestura da agresividade vocal de Mick Jagger e a sinxeleza instrumental de Ringo Star, estaba todo feito.

Case nengunha das bandas chegou a ser popular. Os Sex Pistols foron os que sacaron este movemento á luz. Nunha entrevista, o líder deste grupo dixo moitas inconveniencias sobre a sociedade. Isto armou un grande escándalo, polo que a súa editora lle rescindiu o contrato.

Este grupo tivo moito éxito, e os grupos punk multiplicáronse e afectaron a outros aspectos da sociedade como a moda e o peiteado.

As rúas víronse cheas de rapaces co pelo curto, tinxido de verde ou vermello e vestidos con coiro.

Os que se apuntaran a este movemento seguiron evolucionando ata chegar ó que se lle chamou nova "ola".

En España o representante deste movemento foi José Ramón Martínez, que se pintou un rombo nun ollo, levou imperdibles (un símbolo punk) e tomou o nome artístico de Ramoncín.

Fóra de España, Janis Joplin empezou a tocar blues e Jimmy Hendrix tocaba diposto a convertir a guitarra eléctrica nun instrumento novo coa axuda de amplificadores, pedais e outras cousas.

## "ROCKERS"

É un movemento xuvenil que se fai notar moito pola súa forma de vestir e os seus peiteados.

Levan pantalóns vaqueiros axustados, cazadoras de coiro e calzan botas campeiras, que ás veces, levan unhas esporas.

Chaman a atención polos seus peiteados, estilo Elvis Presley, con gran tupé e patillas que lles chegan ata o queixo.

A música que lles gusta, é o Rock and Roll, grupos coma: Elvis, Loquillo y los Trogloditas ou Gatos Locos.

Os Beatles, e máis tarde os Rolling Stones son os primeiros pioneiros do Rock and Roll.

O seu punto de reunión é o ascensor, inda que non duran moito polas broncas que se montan con outros grupos.

Este movemento vai cada día a máis.

## A VIOLENCIA DESTES GRUPOS

Dos 17.000 rapaces que pertencen a tribos xuvenís, uns 10.000 teñen vínculos deportivo-futbolísticos e 2.000 son hinchas como Comandos Y, Boixos Nois, Ultra-Sur ou Celtarras.

A violencia xuvenil estropea a paisaxe das cidades.

Un "cabeza rapada", ós 22 ou 23 anos madura e sae deses grupos, e un "punkie", alá polos 30, mátase en facer rituais, como o de tirarse ó metro de Madrid.

Polo mundo adiante, ocorren sucesos como o de matar a unha rapaza cando intentaba defender a outra.

Grupos violentos	Xoves	Agrupacións
Urbanos**	5.000	131
Radicais	2.000	58
Deportivas	10.000	55
Totais	: 17.000	244
Idade media	: De 13 a 23 anos.	


\*\* Tribos urbanas:

- Skins → 21%.
- Squatters → 19%.
- Punkies → 13%.
- Rappers → 10%.
- Otros → 37%.


- Iago Farto.
- Paulo González.
- Luis González.
- Alfonso Sánchez.

- Iago Abilleira Crespo. 8ºA

8ºB.



## ENQUISA

**A TELEVISIÓN**

Sámos á rúa para informarnos sobre cousas diaras da televisión. Enquisamos a 25 persoas de idades comprendidas entre 13 e 20 anos, que son os que máis entenden destes temas. As respuestas non nos sorprenderon moito xa que a maioría da xente díxonos an resume, que canta máis televisón mellor.

As preguntas foron as seguintes :

**1.a) ¿Ve vostede moito a televisión?**

Si- 17

Non- 8

**b) ¿Cantas horas aproximadamente?**

En galego- 4

En castelán-13

Indistintamente-8

**2.¿Como a prefire ver vostede?**

1 hora- 6

2 horas-9

outros- 10

**3.¿Que ve más?**

PELÍCULAS- 15

PROGRAMAS- 6

SERIES- 4

**4.¿De que tipo lle gustan?**

PELÍCULAS : Aventuras-9  
Humorísticas-5  
Románticas- 11

PROGRAMAS : Informativos-8  
Concursos-10  
Musicales-7

SERIES : Comedias-15  
Telenovelas-2  
Dramáticas- 8

**5.¿Censuraría algún tipo de programación? ¿cal?**

Si-21

VIOLENCIA-6

PROGRAMAS DE

RECONCILIACIÓN-10

CINE X-5

Non-4

**6.¿A que hora ve vostede más a televisión?**

Polo mediodía-8

Pola tarde- 5

Pola noite-12

**7.¿Cantas televisións hai na súa casa?**

1- 2

2- 17

máis- 6

**8.¿Que programación lle gusta más?**

Estraxeira- 7

Española- 5

As dúas- 13

**9.¿Considera que hai demasiada publicidade?**

Si- 23

Non- 1

Tal Vez- 1


Despois dos resultados da enquisa chegamos á conclusión de que se ve moita televisión, pero a xente non está moi conforme coa programación. O que máis gusta son as comedias e as películas románticas; a maior parte da xente censuraría algún tipo de programación.

En canto a publicidade, a maioría cre que é excesiva.

Pola nosa parte opinamos que a nos tamén nos gusta a televisión, que cambiariamos algúns dos programas e que consideramos que hai moita publicidade.

## ENQUISA

Con motivo das reformas feitas despois das protestas dos pais, fixemos sete preguntas sobre o colexio a corenta alumnos e cinco profesores. Aquí tedeas as súas respuestas:



Jorge Casal

¿Cres que o Concello mantién o colexio en boas condicións?

Nenos:

Si → 2'5%. Non → 90%. Nas suficientes → 7'5%.

Profesores:

Non → 60%. Nas suficientes → 40%.

¿Paréceche ben que non substitúan o conserxé e teñan que mante-la porta pechada?

Nenos:

Si → 7'5%. Non → 80%. Está ben pecha-la porta como medida de seguridade → 12'5%.

Profesores:

Todos responderon que si.

¿Que che parecen as condicións hixiénicas dos baños dende que os remodelaron?

Nenos:

Boas → 12'5%. Malas → 52'5%. Regulares → 25%. Ns/Nc → 10%.

Profesores:

Boas → 20%. Regulares → 80%.


¿Que che parece que só manden dúas persoas para limpar todo o colexio?

Nenos:

Ben → 10%. Mal → 82'5%. Normal → 5%. Ns/Nc → 2'5%.

Profesores:

Todos coincidiron en que está mal.



¿Cres que mellorou o colexio despois das reformas feitas?

Nenos:

Non → 30%. Un pouco → 50%. Bastante → 17'5%. Ns/Nc → 2'5%.

Profesores:

Non → 20%. Un pouco → 40%. Bastante → 40%.

¿Cres que son seguras as pistas?

Nenos:

Si → 47'5%. Non → 50%. Ns/Nc → 2'5%.

Profesores:

Non → 100%.

¿Cres que está ben o material que hai no ximnasio?

Nenos:

Si → 7'5%. Non → 82'5%. É normal → 7'5%. Ns/Nc → 2'5%.

Profesores:

Non → 40%. Ns/Nc → 60%.

-Iago Farto.

-Paulo González.

-Luis González.

-Alfonso Sánchez.

8ºB

## OS MEUS VERMES DA SEDA



LAGO GARCÍA-ALÉN LORES

4ºA

Estou a criar trece vermes e vouvos a contar como é a súa vida :

O primeiro que fixen foi colocalos nunha caixa chea de follas de moreira.

Pasados uns días o verme escolleu o lugar adecuado e comezou a fabricar un fio de seda moi fino co que vai rodeando o seu corpo. Este fio vai formando unha parede de seda cada vez mais grossa, é o casulo. Despois dunhas semanas o verme da seda transformase pouco a pouco nunha bolboreta, rompe o casulo de seda e bota a voar.



Ó final a bolboreta pon os seus oviños, dos que sairán novos vermes, e a historia do verme da seda volverá a comenzar.

## XOGOS TRADICIONAIS GALEGOS



Hai uns anos, os nosos avós, os nosos pais, .... divertíanse coma nós. Pero eles, non tiñan a nosa sorte. Non tiñan televisión, nin xoguetes coma os de agora (robots, coches teledirixidos, xogos de mesa) Por iso, a moitas cousas coma:

Bote baleiro	Monta cachura ou panda
A corda	Pi.1
A goma	Burro
Apañar	Recorre-lo mundo
A rateira	Palabaras encadeadas
¿Hai fume na túa casa?	Animales
A agachadelas	Sangue
As bolas ou canicas	Branco e negro
O trompo	A pola
O futbol sen pelota	Moda
Billarda	As catro esquinas
Campá	O gato e o rato
Colores	Un,dous,tres,estatua
Brilé	Tres en raia
O miúño ou o gatiño	A rede
Os pelouros	Ovo,pico,araña
O marro	O pincho
A galiña pita ou cega	Os cromos de palma
O pañuelo	O cinquillo
Figuras bonitos	O pan da porca
O potro	Submariños
Os países ou declara-la guerra	Parchis
Antón Pirulero	



Ovo



Pico



Araña


Como vedes estes xogos podian ser moi divertidos. Agora, imos vos explicar a maneira de xogar a alguns deles

### OVO, PICO, ARAÑA

Neste xogo necesitanse polo menos cinco nenos.

Un dos rapaces fai de nai e os outros repártense en dous grupos. Un dos grupos é o que salta e o outro ten que pónerse nunha fila. O primeiro neno da fila pon a súa cabeza nas pernas da nai. Os demais van poñendo a cabeza entre as pernas do de diante.

Cando xa están tódolos nenos colocados, o equipo que salta ten que intentar colocarse de un en un enriba dos da fila sen toca-lo solo. O primeiro dos que están enriba ten que poñela man : ou cun dedo estirado (Pico), ou co puño cerrado (Ovo), ou coa man aberta (Araña). Despois dice " Ovo, Pico, Araña". E o neno que está debaixo ten que adiviñar como ten a man posta. Se adiviña, táccalle a ese grupo saltar. Se non acerta volven saltar-los demais.



### TROMPO


E un obxeto de madeira, con forma de pera.

Os nenos cambiábanlle o cravo que tiña na punta por outro moi aguzado.

Cando o cravo estaba ben posto, ó caer ó chan facía un movemento de intensa rotación, sen moverse do sitio onde empeza a virar. A este movemento chamábaselle peniña ou pena. Para comprobalo, un rapaz deixaba caer un cuspe na capa, e se faria un centrifugado quedando unha coroa mollada xuxto onde se depositara o cuspe.

Se o cravo estaba mal posto o trompo, ó mesmo tempo que rotaba, cambiaba continuamente de lugar, o movemento de trasladación irregular que facía o trompo chamábase grañar.

A todos los trompos cortabaselle o muñón que traia na capa.



### PELETRE

Neste xogo participan os nenos que se quiran


Tirábase unha pedra, primeiro ó cadro un, e sen pisa-las raías nin o cadro un íase saltando á pata coxa ata ó final da figura e logo dábase a volta. Despois tirábase a pedra ó cadro dous e o mesmo pero sen pisa-lo cadro dous, e así sucesivamente.

Se ó tira-la pedra non caía no cadro que tiña que caer o turno pasaba ó seguinte rapaz.

### ¿ HAI FUME NA TUA CASA ?

Neste xogo participan como mínimo cinco rapaces.

Márcase no chan catro círculos colocados nos vértices dun cadrado, cada neno métese nun círculo, menos un que é o que queda, que se coloca no medio dos catro círculos.





O que queda vai xunto a un neno e lle pregunta: ¿Hai fume na túa casa? E mentres lle pregunta, os demais cambian de círculo e o que queda ten que intentar ocupar un dos círculos que van quedando desocupados.

### A BILLARDA

#### 1ª parte:

Necesitase un pao pequeno con puntas afiadas (billarda) e outro pao máis longo cun entalle nun lado.

Os xogadores deben de ser números pares (dous equipos, A y B)

Xógase así:

Faise unha liña no chan, e a uns metros colócanse os xogadores, que poñen a billarda enriba dunha pedra ou algo que sobresaia.


Un xogador colle o pao longo e co entalle golpea a billarda, facendo que salte, e cando está no aire golpéaa co pao cara á liña. Isto faise turnándose os xogadores eos equipos. Gaña o que antes chegue á liña coa billarda.

#### 2º parte:

(Se se xoga no campo)

Cada xogador fai un triángulo na herba. Cando o xogador (A) lanza a billarda, o xogador (B) vai collela, e, nese tempo o xogador (A), cun pao, quita a herba do triángulo do xogador (B). E así sucesivamente.

O que acabe con máis herba no seu triángulo, gaña.



Sofía Aldatz  
Sonia Rivero  
Maite Otero

## Nenos electrovidentes

1/ ¿Cantas horas adicas ó dia a ve-la televisión?


0 horas	→ 1 neno
30 min.	→ 2 nenos
1 hora	→ 24 "
1h.30min.	→ 1 "
2h.	→ 13 "
2h.30min.	→ 0 "
3h.	→ 19 "
3h30min.	→ 3 "
4h	→ 10 "
4h.30min	→ 1 "
5h.	→ 10 "
7h.	→ 5 "

2/ ¿Que programa che gusta máis?

ALF	→ 6 NENOS
PRINCIPE DE BEL-AIR	→ 23 "
COSAS DE CASA	→ 4 "
XABARIN CLUB	→ 3 "
TELEDIARIO	→ 1 "
EN XOGO	→ 1 "
CLUB DISNEY	→ 1 "
OS SIMPSON	→ 5 "
POWER RANGER	→ 3 "
PINNIC	→ 1 "
CLUB MEGATRIX	→ 1 "
EU E O MUNDO	→ 1 "
CARAOKE	→ 1 "
MEDICO DE FAMILIA	→ 1 "
SONGOKU	→ 3 "
FARMACIA DE GUARDIA	→ 1 "
DOCTOR SLOOMP	→ 2 "
O MAIS PLUS	→ 1 "
A NOITE DOS CASTELOS	→ 1 "
DOCUMENTAIS DA 2ª	→ 1 "
DEBUXOS ANIMADOS	→ 1 "
PELICULAS	→ 1 "
TARTARUGAS NINJAS	→ 3 "
DOCTOR EN ALASKA	→ 1 "
REI LEON	→ 1 "
AGUJETAS DE COLOR DE ROSA	→ 3 "
MISTERIO	→ 2 "
BARRIO SESAMO	→ 1 "
AI SEÑOR, SEÑOR	→ 1 "
VIXIANTES DA PRAIA	→ 2 "
O DIA DESPOIS	→ 3 "
EURO-SPORT	→ 1 "
MENDUDO SHOW	→ 1 "
TRANSWOLD-SPORT	→ 2 "

3/ ¿ Crees que a televisión resta tempo para outras actividades ?

NON -----> 49 NENOS  
SI -----> 38 "



4/ ¿ Gústariache ver más a televisión ?  
¿ Por qué ?

NON -----> 41 NENOS  
SI -----> 39 "

NON, porque teño que ir pra cama -----> 1  
NON, porque prefiro facer outra cousa -----> 11  
NON, polos programas que votan -----> 2  
NON, porque non me gusta a T.V. -----> 4  
NON, porque xa a vexo demasiado -----> 19  
SI , porque me gusta -----> 29

5/ ¿ É positivo ou negativo ve-la televisión ?

a) SAÚDE : SI -----> 25  
NON -----> 39  
b) ESTUDIOS : SI -----> 24  
NON -----> 44

6/ ¿ Cando soes ve-la televisión ?

MAÑA -----> 11 NENOS  
MEDIODIA -----> 16 "  
TARDE -----> 15 "  
NOITE -----> 23 "  
A. TODAS HORAS -----> 3 "  
TARDE E NOITE -----> 1 "  
MEDIODIA E NOITE -----> 3 "

7/ ¿ Acostumas ve-la televisión só ou acompañado ?

ACOMPAÑADOS -----> 29 NENOS  
SO / SOA -----> 32 "

8/ ¿ Ata que hora ve-la televisión pola noite ?

a) SEMANA :  
-DE 9 A 10 -----> 35 NENOS  
-DE 8 A 9 -----> 12 "  
-DE 10 A 11 -----> 27 "  
-AS 12 -----> 3 "  
  
b) FESTIVOS E FIN DE SEMANA :  
- DE 11 A 12 -----> 35 NENOS  
- DE 12 A 1 -----> 16 "  
- DE 1 A 2 -----> 8 "  
- DE 2 A 3 -----> 2 "  
- ATA QUE TEÑO SONO -----> 2 "

-Como podedes observar, na primeira pregunta, existe unha irregularidade moi notable, en canto ás horas.

-Na segunda pregunta, nótese gran varie dade de programas televisivos. Soamente un destes programas destaca entre todos, "El príncipe de Bel-air".

-Na seguinte pregunta a maioría dos nenos de Campolongo pensan que a televisión nos lles resta tempo para facelas actividades, cousa rara comparando coa primeira pregunta.

-No cuarto item as opinións están moi igualadas, nas súas razóns, moi variadas, observáse moi ben o porqué.

-Na quinta os estudiantes deste colexio desprecúpanse da súa saúde, respondan do negativamente.


Cos estudos pasa o mesmo, aumentando un pouco as respuestas negativas.


-A maioría dos nenos de Campolongo, respondendo á sexta pregunta, ven a televisión pola noite.

-Na séptima, podemos ver que ós nenos - dálles igual comparti-la televisión - con outros espectadores.

-Xa na última cuestión, os nenos, xeral mente, prefieren dormir que ve-la televisión pola semana, e nas fins de sema na e festivos ocorre totalmente o contrario.

Bruno Torres. Borja Franza. Carlos Mariño. 7º C





## ¿CAL É MELLOR INSTITUTO?

Moita xente faise esta pregunta. Nós agora intentaremos resvela. Non hai nin mellor nin peor instituto, todo depende da xente que o trata; pero nós agora imos expecifica-las características de cada un:

### Instituto Público Valle Inclán, "Valle".

Consta de seis aulas no curso de primeiro (A-F), e tamén seis nos tres seguintes cursos, cuns trinta e sete alumnos por clase.

As instalacións son bastante boas; as aulas son espaciosas, áinda que un tanto rústicas, ten tres laboratorios que parecen ben equipados. Dispón dunha biblioteca de dúas plantas, ben iluminadas, con moitas clases de libros e ben distribuídos. A aula de debuxo ten mesas especiais e con gran cantidade de material. Ten un pequeno aparcamento, dispón dun gran observatorio con vistas estupendas, un salón de actos moi ben montado, con capacidade para unhas 259 persoas. Varias salas de profesores e tamén unha pequena pero apañada cafetería. Ten un ximnasio co piso de cortizo e varios vestuarios. Segundo o alumnado, é, en xeral, bo.

Ó longo do tempo poderás escoller as optativas: Ética, Relixión, Fogar, etc.

### Instituto Público Sanchez Cantón, "Sánchez"

Consta de seis clases en primeiro, cinco en segundo e terceiro, COU ten desde A ata F; en tódalas clases hai unha media de corenta alumnos.

Dispón dun paraninfo con capacidade para 460 persoas e pode ser usado por destros e zurdos. Ten unha discreta cafetería-comedor, un enorme museo de ciencias naturais, moi ben equipado; alí podes ver desde seres microscópicos ata dinosaurios, pasando por cousas do mar, fósiles, esqueletos humanos,

aves, etc. Cunha biblioteca moi grande con libro de toda clase, ordenados por colección e alfabeticamente.

Ten un pavillón grande con gradas, no cal podes face-las seguintes actividades extraescolares: balonmán, baloncesto, futbol-sala, patinaxe, balónvolea, badminton, ximnasia, etc.

O profesorado é moi esixente. Podes colle-las seguintes optativas: Relixión, Ética, Cociña, Grego, Francés, Inglés, entre outras.

### Instituto Público a Xunqueira

Ten sete clases en primeiro, seis en segundo, cinco en terceiro e unha en COU, cun total de 35 alumnos por clase. Ten boas instalacións. Dispón dunha biblioteca moi equipada, dous laboratorios un de Física e outro de Química. Numerosos seminarios con libros, un salón de informática e outro salón de cociña, un paraninfo bastante grande, dúas aulas de debuxo e un pavillón fóra do colexio.

Os profesores son bastante esixentes. Non hai moitas actividades extraescolares e as optativas son as mesmas cás dos demais institutos.

### Instituto Público Torrente Ballester "Quinto"

Oito clases en primeiro, e as mesmas nos respectivos cursos, hai un total de 33 alumnos por clase.

As instalacións son moi boas, ten un cine, unha biblioteca moi ampla, un gran salón de actos estilo teatro, un amplo laboratorio e, para facer exames, unha sala especial. Adosado ó instituto hai un enorme pavillón.

O profesorado é moi esixente, podes colle entre as seguintes optativas: Teatro, Fogar, Debuxo, etc.

As actividades extraescolares son as seguintes: baloncesto, badminton, balónvolea, futbol-sala, etc.



## Colexio Santiago Apóstolo "Soutomaior"

As instalacións son bastante malas, sobre todo, os servicios. Ten moi pouco material de laboratorio, un amplo comedor.

O profesorado é moi esixente, pero danche moitas oportunidades para aprobar.

## Colexio Sagrado Corazón de Xesús

En tódolos cursos hai desde A ata C, cunha media de 40 alumnos por curso. Ten dous laboratorios moi completos e moi ben montados; unha biblioteca con moito material

e os libros distribuidos por materias. Un teatro de luxo, cunha capela oratorio, unha sala de informática cun ordenador para dúas persoas; ten unha aula de debuxo con material especial para esta materia. Nos áticos hai salas de baile con moito material de música. Ten un gran comedor e fóra un pavillón do tamaño dunha pista de balonmán, no cal podes practica-las seguintes actividades extraescolares: balonmán, butbol-sala, baloncesto, kun-fu.

Os profesores son esixentes e pesados. Podes colle-las seguintes optativas: teatro, cine, fotografía, debuxo, informática.

Uxío Pérez  
Bieito Vilar  
Xaime Vidal

## COMO FUNCIONAN OS MEDIOS DE COMUNICACION EN PONTEVEDRA

O equipo visitámo-la emisora de radio 40 PRINCIPALES, situada na rúa Daniel de la Sota, número 5.

Queremos agradecer a esta empresa o trato cordial que recibimos.

### ¿COMO FUNCIONA A RADIO?

Aquí hai uns estudos, onde se grava e se fala en direcção. - Os discos que escoitades na radio, no son orixinarios de aquí de Pontevedra, senón que veñen da oficina central de Madrid. Estes discos están clasificados por cores:


-Vermella: Están os discos más esciotados, os actuais, pónenos nas horas puntas.

-Negra: Tamén é música moi boa.

-Azul: E unha música normal.

-Verde: Eunha música mala, que case no se escucha.

-Branca: E a música que nunca se escucha, málisima.





Na emisora 40 PRINCIPAIS hai varias cadenas: Ser, Cadea Dial e M80.

As emisoras de F.M. olléntse nestas frecuancias.

Cadena 100 Vigo-87.8  
C. Ibérica Redondela-88.7  
C. 40 Pontevedra-89.1  
Radio Compostela Padrón-89.7  
Radio Nacional-90.1  
Cadena Dial-91.4  
Onda Cero Tui-92.6  
Radio Voz-93.1  
Radio Galega-93.5  
Radio Arosa Ser-95.6  
Radio Pontevedra Sér-98.7  
Antena 3 Vigo-100.6  
Caden M80 Vigo-101.2  
Radio Ponteareas-101.6  
Cadea M80 Pontevedra-105.1

PROCESO DE ELABORACIÓN DUN PERIÓDICO  
(Diario de Pontevedra)

Recibíronnos no Diario de Pontevedra e déronnos interesante información sobre os pasos que se dan na elaboración do xornal.

Primeiro reciben a información de todo o mundo en Madrid e por-satélite.

1 Dende Madrid por satélite chega a información ós ordenadores de Pontevedra.

Nos ordenadores hai maquetas de cada páxina do diario. Por números vense seleccionando fotografías e textos.

Despois fanse clichés e despois noutras máquinas, normalmente de 6 bobonas, fanse pranchas de aluminio que é onde están as páginas.

As páxinas pasan por fóodillos. Os de arriba son de tinta e os outros conteñen o papel e chámense texas.

O final imprímese o periódico.

Xúntase as páxinas.

Cortanse e dóbranse e xa está feito o periódico.

Despois distribúese.


Normalmente imprime-se 8.000 exemplares.

Os que sobran lévanse a unha empresa de reciclaxe.

#### Diferentes seccións da empresa

Taller de impresión---Administración---Redacción

Pablo Piñeiro Carrete  
José Manuel Fariña Abraldes  
Jesús Borja Pazó Moreira



## A Queimada.

Ester Rodríguez

A data exacta na que se inventou esta bebida non se descubriu áinda. Algúns hitoriadoures pretenden atopar unha orixe prehistórica, pero a maioría deles afirma que, polos seus componentes -azucré e augardente- ten orixe medieval. Ademais, Martínez Llopis ten un documento no que se di que no ano 1386, nun pobo moi cerca de Hispalis -actual Sevilla- se facía queimada ó rematallo mes de Ramadán; e podían beber dela só os homes e as mulleres embarazadas, porque crían que así os nenos nacerían cunha forza enorme.

Distínguense dous tipos de bedidas:

- A máis tradicional, elaborada nas aldeas.
- A moderna, relacionada co mundo urbano, que se empeza a facer en Galicia polos anos corenta.

A primeira celebrábase e áinda se celebra nas zonas rurais como remate das comidas relacionadas co magosto, Noiteboa, Aninovo, Reis...

Pero a queimada tamén se ven facendo nos pobos nórdicos e centroeuropeos desde tempos inmemoriais.

En Italia facíase con augardente de pera e quizais o redescubrimento da queimada se deba ós neorrománticos.

Mentres se realiza a ceremonia da queimada, o "mestre" pronuncia unha serie de conxuros, e algúns deles servan para adiviña-lo futuro, como adiviñar cantos anos tardará unha moza en casar. Nestes cantares invócarse ó Cucorrei, ó moucho e ós druídas galos.

- A ceremonia débese realizar ó fío da medianoite. A mellor queimada sae na noite de San Silvestre. Hai que apagar tódalas luces e ter só a da lúa e as chamas da queimada.
- Esta ceremonia está presidida por un mestre encargado de darlle o punto máxico á queimada cos seus conxuros e cantares

### Forma de facela.


Son moi variadas as receitas para face-la queimada. Sen embargo, os entendidos afirman que canto más sinxela, mellor é.

### Receita de Ruavella.

- Poñer nun recipiente de barro a augardente, xunto cos demás ingredientes.
- Coller cun cullerón a augardente cun pouco azucré e prenderlle lume. Pouco a pouco vaise collendo máis líquido, e cando o cullerón estea cheo baléirase no recipiente.
- Neste momento comeza a queimada, remóvese ata que se queime a case totalidade do alcohol.

Déixase enfriar e sérvese en cuncas de barro. Mentre se reliza todo isto, pronúncianse conxuros coma este:






## ASOCIACIÓN DE IMAXES


### VELOCIDADE:

O coche corría coma un lóstrego no ceo.  
Corrián coma coches de carreiras.  
O home corría coma un raposo nunha cacería.





### ANIMAIS:

Nadaba coma un peixe asustado.  
Saltaba coma un canguro.  
Estaba tan esperto coma un bufo.  
Mordeulle coma un can rabioso.




### PERSOAS:

Elas tiraban pedras coma canóns na guerra.  
Él é tan lixeiro coma unha pluma flotando no aire.  
Ela durmía coma un bebe.  
Eles xogaban ó xadréz coma profesionais nun campeonato.  
Contaban o diñeiro coma os melhores banqueiros.  
As veciñas gritaban coma as sirenas das ambulancias.  
As orellas do neno eran avións.  
A súa intelixencia era un ordenador.




### OUTROS:

O reloxo daba as doce coma unha campá tola.  
O cabelo no aire parece unha bandeira movéndose.  
Omundo dos sonos é un mundo cheo de ilusión.  
A hipocresía é unha máscara pegada á alma.  
O seu cabelo loiro parece ouro.  
Os campos cheos de neve son nubes no ceo.  
A súa cabeza é un ladrillo.



### COMIDAS:


Comía máis ca vaca esfameada.  
Púxose na lama coma unha croqueta na fariña.  
Comía coma un naufrago famento.






## COUSAS DO CEO:

A lúa é coma un boomerang.  
 A tarde era un xeado de limón.  
 O sol é unha **gran** pelota amarela enganchada no ceo.  
 Chovía como se botasen auga.  
 A cometa voa coma unha gaivota no ceo.  
 O mar é o ceo reflectido nun espello.



## COUSAS DE NENOS:

Aquel neno andaba coma unha tartaruga.  
 O neno berraba polo monte coma unha cabra.  
 As nenas eran tan altas coma as árbores do camiño.  
 As nenas eran tan brandas coma nubes de algodón.  
 Os nenos durmían coma se estivesen a invernar.  
 O rapaz é tan feo coma un sapo birollo.  
 O neno corría coma un galgo.  
 Os nenos nadaban, coma peixes nun río.  
 Aquellas rapazas saltaban coma grilos no campo.  
 As nenas corrían polo campo, coma cabalos en competicións.  
 Os rapaces eran bonsais.




## CHOROS:

Chorou coma se estrivera a morrer.  
 Cando chorá un neno chove.  
 O neno choraba coma un can en perigo.



## CANTICOS:

Cantaban coma un reisefior pola mañá.  
 Os músicos cantaban coma os anxos do ceo.  
 Cantou na festa coma os paxaros nas árbores.  
 Cantaba coma Pavarotti.  
 Cantaba tan ben coma un xílgaro.




Alumnos de 8º B



Carlos García-Alén

# AS VACAS TOLAS.



Diana Esperón Rodríguez  
7º A



## A m o r r r .

Quixer que as tuas lágoas  
empapasesen a miña pel,  
e poder así probarte  
e por fin saber  
se sabes amargo,  
ou doce  
a amor, a tristura,  
ou a que.

Quixer ca miña dúbida  
fose a tua confusión,  
ca miña ledicia  
fose en ti ilusión,  
e que cada vez ca nosa ollada se cruzase  
puidesemos empregar a nosa linguaaxe:  
a linguaaxe do amor.

É estranxo, mais quérrote  
e máis que a ningún puiden querer.  
Quixer ver por fin  
realizado o meu desexo  
e sentirte canda mim  
en cada amencer.

E sei que é forte  
todo canto sinto  
mais só o relembrante  
esperta os meus instintos.

Neste intre sei  
que as miñas dúbidas se despestan  
e que xa non existen  
historias vellas.

Quérrote só a ti  
pódele crer,  
e a tua imaxe está presente  
no máis fondo do meu ser.

*S. I. X.*

---



---

O día que te fuches  
morreu a miña vida  
pois fixeches tens  
os meus anelios de vivir.

Véxote, relémbrote  
sempr:e noite e dia.  
E non entendo xa  
a vida se é sen ti.

Xamais me quixeches  
xamais me apreciaches.  
Era somentes  
un xogo xuvenil.

Mais eu, ós pouquínos  
fanme namorando  
e durante un mes  
de sonos vivin.

Agora que me deixas  
que meu corazón en urna  
de cristal apresas  
decátome ó fin

de que sen ti, amor,  
E para qué vivir ?  
de que sen ti, amor  
máis vale fuxir.

Sandra Valiñas Far  
Ex-alumna.

# OCASO DA PEREGRINA.

ERA UNHA TARDE NORMAL, CANDO...



1 TENME QUE AXUDAR.

ONTE ESTABA

A PEREGRINA

E HOXE NON.


ENTÉNDEO?

NON.  
VARIAMOS  
O LUGAR  
DOS FEITOS.

2 CHAMAREI A ¡QUEN SABE ONDE...? 4

HOLA. ¿PÓDESE POÑER  
PACO LOBATÓN?

PODERIA  
POÑER  
UNHA  
MENSAXE  
PARA  
ATOPALA  
PEREGRINA




3 ...MENTRES MO  
COLEXIO DE CAMPOLONGO...

FIN



GLUNDAR BELOSO. TOUCEIRO - 7<sup>a</sup>




## XOSÉ O FANTASMA

Era unha tarde fermosa cando a un neno se lle ocorreu ir de noite a unha casa que dicían os veciños que estaba enmeigada. Cando chegou alá tivo medo e entrou nunha habitación moi escura. Logo empezou a explorar, colleu un candil vello que atopou e foise cara á outra sala que non tiña chan, e caeu polo buraco.

De súpeto, nese intre, apareceu o fantasma e deulle un susto tal ó neno, que saiu correndo dando cos pés no cù ata chegar á súa casa. Despois de contarlle a súa nai o que lle acontecera, ela díxolle: "Agora xa sabes por que non quero eu que vayas alá, espero que aprenderas ben a lección."

Mauricio A. Campos Medina.

4



## HISTORIA

Chámome Yolanda e teño nove anos.

Un día, camiño da miña casa, atopei na rúa unha pombiña ferida. Collína e leveina para a miña casa. Ali cureina, deille de comer e cando a ia soltar vin que era moito máis

## UNHA DESPEDIDA SEN ADEUS.


Ola, amigos!

Son unha nena de 5º. Quero contarvos o que lle pasou á miña clase o mes pasado. Primeiro vouvos decir como é a protagonista: chámase Rosi e ten 10 anos, é simpática e alegre pero un pouco tímida. É a miña mellor amiga. Pero un día que estabamos na clase e ela non viñera, chegou o conserxe e díxonos que Rosi marchaba a Cádiz e non volvia. Todos quedamos moi apenados e moi sorprendidos de que non dixese nada. Non pudemos despedirnos dela. Ese día foi moi triste para todos. E pasaron os días e o seu pupitre baleiro ó final da clase sempre nola recordaba. Un día decidimos mandarlle unha carta, na que participamos tódolos nenos e nenas e a mestra tutora.

Compramos unha postal e madámoslla. Pero non respondeu. Aínda estamos esperando con toda a ilusión e seguro que nola manda. Espero que vos gustara a historia da miña amiga e de toda a miña clase.

Beatrix Salvado

5º



fermosa. Era cor gris, co ventre e a cabeza brancos coma a mismísima neve.

Solteina para que fose coa súa familia e cada día viña verme.

Yoli 4ºC

## Imaxina que imaxinas.

Os nenos son realmente uns rapaces grandes. O que máis lles gusta é camiñar polos charcos traídos polo abril, augas mil.

Coma todo o mundo, os nenos pasan horas ollando as cousiñas brillantes que bailan nun raio de sol; pero son, seguramente, os únicos capaces de coller unha dasas cousiñas brillantes coa man, e tamén os únicos capaces de ver medra-los gromos das plantas e oílos estoupar. Porque os nenos teñen a vista aguda e o oído fino.

Ás veces un neno vai pasando os dedos por riba dun valado.!Pero os dedos non son dedos! Son as pernas dun duende que os acompaña polo camiño cara á escola. E isto non o sabe ninguén. Como tampouco ninguén sabe que cando os nenos camiñan contando os pasos ó bordo da beirarrúa, van en realidade pola beira dun precipicio de mil quilómetros de profundidade.

E un bo día os nenos fan descubrimientos estraños. Pouco despois convértense en adultos. Os adultos tamén son nenos grandes, pero xa non nenos.


Thais Feijoo Rodríguez. 5º C.



### Sol y girasol

Sol girasol  
meu amor,  
teu nome abrasador  
teu cabelo dourado  
e sempre acaramelado.


Rodrigo Pintos González 4ºA.



### Bolboretña

Bolboreta  
bolboretña  
sempre cansadiña,  
pequeniña  
e niña  
e gústache a piña.  
Rodrigo Pintos González 4ºA.

# UNHA FINAL DE TENIS





## TOMI E O SEU CANCIÑO GLU-GLÚ

Un bo día, pola mañá cedo, entrou Glu-Glú (o canciño de Tomi) no cuarto onde Tomi durmía tranquilamente.

-¡Glu-Glú, non me lamba-la cara!

Tomi ergueuse de contado da súa cama, baixou as escaleiras sentado no pasamáns, baixando tan rápido como puido, sentouse á mesa e tomou o almorza ás presas. Díxolle a súa nai:

-Mamá, ¿podo ir pasear con Glu-Glú?

A súa nai contestoulle afirmativamente.

Lucía unha mañá preciosa e tamén un bo día para pasear; Tomi estaba moi ledo. Ó cabo duns cinco minutos atopouse cunha encrucillada de camiños, agarrou un pao e colocouno sinalando o camiño que o levaría á casa de volta e logo, moi alegremente, colleu por un deles; de súpeto atopou un regato e Glu-Glú bañouse nel; Tomi viu que había peixes e logo colleu uns paos para facer unha cana e pescar; non lle serviu de moito porque non tiña sedal, pero a idea serviulle para outro día de campo; Glu-Glú, ó ve-las intencións do seu amo, mergullouse e, con gran asombro de Tomi, saíu cun peixe na boca.

-¡Ja-ja-ja, es demsiado, Glu!

O camiño estreitábase, parecía que se perdía ó lonxe, pero era unha falsa alarma: tantas silveiras había que case non se podía pasar, pero, amodiño, fóreronse arreglando e avanzaron ata unha rocha que lles resultou fácil de escalar.


-¡Que vista tan "chuli"!

Glu-Glú estaba nervioso, case non deixaba subir a Tomi para que non se lastimase. Alí estiveron un bo anaco, descansando e contemplando a paisaxe, ata que se percatou da hora e decidiu que compría regresar. Outro día seguirían explorando ata máis adiante, outros camiños secretos que hai polo campo, encrucilladas de camiños e carreiros que van dun lugar a outro.

"O que vos quero dicir, amigos, é que as vacacións de verán son un bo momento para disfrutar da natureza."

Ana N.

4ºA



### "Un día na praia"

Xabi era un neno que vivía en Marín. Era rubio, de ollos azuis e tiña nove anos. Tiña tamén un can chamado Punto, moi grande e castaño, cunha gran cola.

Un día moi soleado os seus pais decidiron ir de picnic á praia. Xabi fixo a súa mochila, nela meteu o bañador, a crema de sol, galletas para Punto, a súa toalla e algunhas cousas más.

Cando chegaron á praia Xabi e Punto foron bañarse, a auga estaba moi boa. Pronto estiveron comendo bocadillos de xamón, patatas, Coca-Cola e unha mazá.

Despois tomaron a sol porque coa panza chea non podían bañarse.


Xabi estaba aburrido, entón fixo un castelo con Punto, se deron conta da ata:

-¡Xabi! Son a seis e carto. As seis emedia tes piano ¡corre! Moi tristes foron no coche de volta á casa e despois á clase de piano.

Así rematou aquel día feliz

MIRIAM ELVIRA BERMEJO 4º/A

# EXTRATERRESTRES



Cristina Domínguez Cordero

7ºA

## DIA DE SAN VALENTÍN

O día de San Valentín ou dos namorados é un día especial para unhas persoas e non tanto para outras.

Moitas persoas fan regalos polo día dos namorados, cada unha a súa parella. Algunhas persoas regalan pendientes ou colonias ou tamén anelos.

No día de San Valentín as persoas maiores saen de paseo e os máis xóvenes ou van o cine ou a discoteca.

A mi este día non me parece especial: un porque non teño noiva e outro porque áinda son pequeno, como se podería dicir.

David Gulín Díaz 4ºB



## San Valentín.

O catorce de febreiro,  
día de San Valentín,  
chámate á túa porta  
o amor que che fai tilín.

O teu amor marabilloso  
virá facerte feliz,  
o teu amor esplendoroso  
pedirache para saír.

Tí aceptarás orgullosa,  
el levarate ó río Sil,  
mentres ti lle dás un bico  
e el orgulloso che di:

Será mellor que vaimos  
ó cine que está alí.  
Cando saíron do cine,  
mercaron unha perdiz.

Laura Rei.  
Leticia Rocanova.  
Estefanía Solís. 6º



ALUMNOS/AS 4º C

## P O E M A S

O mar é precioso,  
ten moitas cousas.  
algas e peixes,  
focas e morsas  
delfíns e estrelas,  
barcos e botellas.

Vou describir  
este cartel que fixemos  
e ;si que traballamos!  
parecen revivir  
as algas do mar  
e van aboiar  
enriba do gran mar.

Os barcos de cores  
relocen coma xirasoles.  
e as gaivotas no ceo  
semellan grandes veleiros.

Os tiburóns atacando  
parecen Swazenege destrozando.  
Nun grande petroleiro  
toman mermelada Ero.

As nubes azuladas  
teñen os seus picos  
ben afiados.  
E agora xa me despido  
cun grande suspiro.

Este mar que nos fixemos  
ten peixes de moitas cores.  
que sempre cometan errores,  
e cheo de algas mariñas,  
algunhas con substancias malignas.

O mar é precioso.  
Estrelas de mar grandiosas  
pousanxe en zonas rocosas.  
con cabaliños de mar ós seus lados  
e moitos de cores azuladas.

Yolanda 4ºC

O mar teno todo,  
todo ata chegar ó ouro,  
ten minerais  
e moitos animais.

Cóidao moito, trátao ben,  
senón farase  
coma o mel.

Roque Lois 4ºC

## IMPRESIÓN PERSOAL


CRÓNICA. Entroido 96

M<sup>a</sup> Pilar Caride.

Por se-la primeira vez que o vía, este ano impresionoume moito o entierro de Ravachol, sobre todo o desfile, coa xente toda de negro e chorando porque morrera o Ravachol e con el o Entroido. Cando o queimaron cantáronlle cancións e recitáronlle poesías, todo isto nun ambiente moi festivo e chorón, acorde coas datas.

En 1985 un membro da comisión dos carnavais propón rememorar o épico entierro do loro como final da festa dese ano. Para iso axeitaron un, feito de trapos e paos pretendendo queimalo, e usa-las cinsas para plantar unha árbore. A proposta non só foi aceptada, senón que quedou constituída como acto final de tódolos entroidos da cidade.

Ó ano seguinte deciden facelo todo de plumas. A partir do ano 89 teñen a idea de caracterizalo, ese ano con traxe e garavata, no seguinte con chaqué e chisteira, no 92 de atleta dos Xogos Olímpicos, no 93 de peregrino, no 95 de toreiro e este ano ía de albanel, polo do retraso dalgunhas obras municipais.



## Viaxe fin de E.X.B.

Esperamos oito anos  
para marchar de excursión.  
Oito sufridos anos  
de esperanza e ilusión.

Viamos ós de oitavo  
planificando a excursión.  
Vendendo rifas na rúa,  
e convocando reunións.

E agora dámónos conta  
de que xa somos maiores.  
De que ó pensar na excursión  
xa non nos veñen suores.

Despois de moito traballo  
e de bastante agardar,  
chegaba o momento esperado,  
e iámolo aproveitar.

Troluleamos sen parar  
coma tolos polo hotel.  
Andábannos a rifar  
e pasabámolo ben.

Voltamos para Galicia,  
e de autobús esgotados.  
Tíñamos moita ledicia;  
pareciamos retornados.

E xa dentro da casña  
rodeados da familia,  
lembramos que a Nosa Galicia  
nos causou moita morriña.

Rafael Luaces 8ºB



**Cuentos, teatro y poesía infantil de Gloria Fuertes**

Don Pato y don Pavo  
El conejo vidente  
El hada a domicilio  
La reina loca  
El dragón triste  
La maroma tiene calambres  
Los tres renacuajos  
Méjico, Perú, Filipinas y Bélgica  
Un libro loco de broma en broma  
Poco Poco, el gato que se quedó sin pata  
La gallina y su polluela  
El domador invitado al león  
Plomillada, el conejo que quería ser payaso  
Yo contaría más cuentos, que bien me vale la cuenta  
Cuentos Pascueros  
El perro que no cansa ladrar  
Paul, la vaca que hace 12 arreños  
Con desgra. Antigua. 50 años de poesía  
Cuentos generales


*«Mi amiga Gloria Fuertes es una poetisa inmejorable, directa, elemental, como también lo fueron Federico García Lorca y el más sabio Juan Ramón Jiménez (...) Cada vez que leo un verso de Gloria Fuertes me invade la envilecida por que hubiera querido ser su autor (...) A mí me parece que Gloria Fuertes es de las pocas personas que están en su sitio, quizá eso le venga de su hondo y honesto sentido de la pureza». Camilo José Cela (Diario 16)*

**Camilo José Cela**

El 23 de abril, CJC recibe el Premio Cervantes en Alcalá de Henares; pocos días después, el 11 de mayo, cumple 80 años.

*Jubila*  
*Gato loco*  
*Paul*  
*VIAJE A LA ALCARRIA*  
*LA FAMILIA DE PASCUAL DUARTE*





## O PARQUE NATURAL DAS ILLAS CÍES

### O PARQUE NATURAL DAS ILLAS

CÍES O DOS ARAOS. (Polos ne-  
nos e nenas de 5º B ).

A comunidade de Galicia conserva unha serie de espacios naturais importantes. A conservación destes espacios, débese a unha serie de medidas tomadas pola Administración, que contan a construición nestas zonas e a alteración de calquera modo da súa paisaxe e dos seus recursos. Entre as principais zonas protexidas de Galicia está o Parque Natural das Illas Cíes o dos Araos(1980). O inventario dos espacios europeos protexibles as engloba científicamente baixo a denominación de Illas Atlánticas do Sur de Galicia(com Ons e Sálvora). As illas Cíes forman parte emergentes dunha serra granítica submariña, na bocana da ría de Vigo; presentan ó oeste abruptos cantís e o leste ladeiras suaves e boas praias de fina area; as illas Norte e do Medio aparecen unidas por unha barreira arenosa e unha escolleira, xunto a unha lagoa de augas someras. (Superficiais).

### HISTORIA

O romano Plinio e o grego Ptolomeo refírense a elas como as illas Siccias. Para os fenicios poideran formar parte das lendarias illas Casitérides. Foron Bastión final dos irreductibles herminios, tríbu que resistiu a dominación das lexións romanas de Xulio Cesar. Ata o século XIX non volverían ter habitantes estables, despois da presencia durante a Idade Media, dun grupo de monxes en permanente conflicto cos piratas. Na actualidade o seu acceso é restrinxido ó ser parque natural.

### RESTOS HUMANOS

Na illa do Medio ou do Faro, as ruínas da antiga mosteiro e do primitivo poblado celta, e os faros. Na illa do Sur ou de San Martiño, os restos do vello muiño de auga.

### PERMISOS/RESTRICCIÓNS

Non se necesita permiso para visita-las illas, está prohibido acceder as zonas de reserva botánica ou de aves mariñas, acampar fora das áreas autorizadas y facer fogo. Existe un cupo máximo de visitantes diarios para poder-las visitar.

## LOCALIZACIÓN

As Illas Cies constitúen un arquipélago formado por tres illas situadas na entrada da ría de Vigo (Pontevedra).

## SUPERFICIE



A súa superficie é de 433,5 hectáreas. Tamén é Zona de Especial protección para as Aves. (CEE).

## ALTITUD

Máxima nas illas Cies, 193 mts.

## ACCESES

Desde a estación Marítima de Vigo, un servicio de ferries.






## FLORA

A vexetación dominante é a matogueira polo forte vento mariño; predominan os toxos e os breixos(uzes) e sectores de piñeiro e eucaliptos introducidos en tódalas illas. Contras tando coa brancura da area das praias e das dunas, medran plantas como o nardo mariño(cebola das gaivotas) e a camariña, a parte doutras.


NARDO MARIÑO(Cebola das gaivotas)(*Pancratium maritimum*). Típico colonizador das dunas móviles. Desenrola un potente sistema radicular que pode alcanzar ata os catro metros de profundidade. Facilidade para captar auga e ancorarse no terreo e non ser arrinizada. Vive nas zonas que bate o vento moi forte.

CAMARIÑA(*Corema album*).


Rara planta dos arenais gallegos, mantén nas Cies un dos seus últimos enclaves super viventes. Pequena planta moi ameazada e exclusiva das praias do litoral, de froito comestible e pola súa rareza precisamente da nome a topónimos como a Poba do Caramiñal, Camariñas, etc.



Toxo bravo (*Ulex europeus*).  
"



(*Pancratium maritimum*) Cebola das gaivotas



## FAUNA

O perfil esgrevio das illas Cies é un habitat ideal para unha grande cantidade e variedade de aves mariñas.

*Columba livia*

Gm.

Pomba brava


Nos pasos do outono e pri-  
mavera, mantendo tamén impor-  
tantes efectivos invernais,  
alcanzan as illas garzas -  
reais, ánades, raras aves pe-  
láxicas norteaméricas como el al-  
ca ou o arao loro, azores, -  
pardelas, alcatraces, pagalos,  
charranes, etc. Variedade de  
aves mariñas que viven de -  
ordinario no mar aberto e ro-  
dan as illas, e proceden do A-  
tlántico Norte. Bos voladores  
en xeral, viven a expensas do  
mar.

Nos períodos de invernía e  
de emigración é frecuente ob-  
servar nestas illas aves mari-  
ñas como o urao, o corvo mari-  
ño e o parrulo pentumeiro.

Desde o monte O Faro pódem-  
se contempla-la colonia, a má-  
is importante da Península I-  
bérica, de gaivotas claras e -  
gaivotas escuras.

Entre os mamíferos existe -  
a musaraña, o coello e nalguns  
has furnas dos cantís se de-  
tectan exemplares de londras -  
nas súas incursións mariñas -  
desde a inmediata costa conti-  
nental da Vela e o cabo do Ho-  
me. Reptís, como o esgoñzo, ibé-  
rico.

ARAO DOS CONS OU IBERICO(U-  
ria aalge). Esta subespecie -  
viu reducidos os seus efecti-  
vos durante o presente século.  
No inverno é cando se detecta  
unha maior presencia. Os mari-  
ños lles indicaba a posición  
dos bancos de pesca. Trátase-  
dunha ave especializada no -  
buceo. En poco tempo poidera  
atoparse extinguida. As cau-  
sas que explican esta forte



*Corvus monedula*


Linn.  
Gralla cereixeira  
Corvo cereixeiro



*Accipiter gentilis*

(Linn.)  
Azor

Ave das galiñas, ave



*Uria aalge*

(Pontop.)  
Arao dos cons




regresión son moitas: captura de ovos e aves para consumo, caza, mortandade en redes de nilón e outras artes de pesca, polución con hidrocarburos, etc.

**PARRULO PENTUMEIRO COMÚN OU  
MOURELO. (*Melanitta nigra*) .-**


Son aves que veñen do norte atlántico e pasan o inverno nas nosas augas. O macho é completamente negro, cunha mancha alaranxada no peteiro. A femia ten as meixelas claras e a parte inferior do corpo de cor parda. Peteiro escuro. Habita en calquera zona marítima sen contaminar e pouco influída polo home. Aliméntase de moluscos, crustáceos e plantas acuáticas. Voo baixo e en fila india. Ás claras nas femias e escuras nos machos. Voan preto da costa. Pouca ruidosas en voo, no mar graznido. Bo mergullador.

Está en regresión a especie como afimante por múltiples causas: a destrucción de lugares idóneos, caza, e o saqueo de ovos tanto por persoas como por animais.

**GAIVOTA CLARA (*Larus argentatus*) .** Conducta e alimentación similares á G. escura. Diferénciase desta polo dorso e ás prateadas, coas remeiras negras con manchas brancas. Patas rosadas ou amarelas. Pouco esixente na ubicación dos seus niños, esta especie sitúaos xeralmente en rochas e herbais, construíndoos coa materia vexetal máis próxima e, en ocasións, case nulos. Normalmente teñen unha posta media de dous ovos. Especie sedentaria no -




PARRULO PENTUMEIRO (*Melanitta nigra*) .



*Apus melba*  
(Linn.)  
Andurón

Vencelló real, falcínio rei\*\*\*



*Larus argentatus*  
(*Larus cachinnans*)  
Pontop.  
Gaivota clara




seu estado adulto. Non se coñecen perigos inmediatos que poidan afectar á especie. Adoitán visita-los vertedoiros.

**CORVO MARIÑO CRISTADO** (*Phalacrocorax aristotelis*). Ave sedentaria. Negra na súa totalidade, co peteiro e lardos decor marelha. Máis pequena có Corvo mariño real, do tamaño dun parrulo. Pesca por mar aberto e polas rías. A maioria dos seus niños están ubicados en fendas e repisas das pedras exteriores ou no interior de furnas.; algúns aparecen instalados pedras no monte. Xeralmente están construídos con ponlas de especies leñosas herbáceas e argazo.


Os perigos da especie son: mortandade accidental en redes de pesca, a caza, a captura de polos para alimento humano e as perturbacións occasionadas nas zonas de aminamento. A maior colonia europea está nas Cíes.

**CORVO MARIÑO REAL** (*Phalacrocorax carbo*).-

É moi grande, do tamaño dunha oca. Ten unhas cores neñas, con reflexos castaños, coas meixelas brancas ou amarellentas e peteiro algo longo e ganchudo, de cor ocre. Voo baixo cun rápido bater de ás. Boas mergulladoras, pescadoras, e logo concéntranse en repousadeiros a miúdo coas ás abertas para seca-la plumaxe. Son aves invernantes e de paso. No seu desplázanse en bandadas a ta os dormideiros da illa.



Corvo mariño cristado



*Sylvia melanocephala*

(Gm.)

Papuxa cabecinegra



CORVO MARIÑO REAL (*Phalacrocorax carbo*)



**MUSARAÑAS (*Neomys anomalus*)**

Insectívoros. Levan a súa vida máis ou menos en relación cun ambiente determinado, o medio acuático, presentando en tón pequenas adaptacións. Dimensións moi reducidas.

**LONDRA OU LONTRA (*Lutra lutra*)**

Vive na ribeira do mar. En calisquera estación do ano come fundamentalmente peixes, aumentando o consumo de mamíferos e anfibios no outono e inverno, e as aves e réptiles na primavera e verán. Amosa tamén comer un pequeno número de insectos e crustáceos. O número de crias é de dúas ou tres. De costumes crepusculares e nocturnos, rara vez se deixá ver á luz do día, tan só algúns días de brétema e chuvia. Os perigos da especie son: perda de hábitat, contaminación das augas e degradación das ribeiras, pola caza, etc.


**ESGONZO IBÉRICO (*Chalcides bedriagai*)**. Corpo grosso e curto, de extremidades pouco desenvolvidas con cinco dedos cada unha. Cor uniforme pouco contrastada. Ovovivíparo. Nacen entre unha e catro crías. Moi terófilo e confinado en hábitats enxoitos e areosos, como poden ser los areais litorais. Ten hábitos semisoterráneos. Consome coleópteros, arácnidos, isópodos e diversos insectos.



***Coronella girondica***

(Daudin, 1803)

Cobra lagarteira meridional



***Lutra lutra***

(Linnaeus, 1758)

Londra



***Anguis fragilis***

Linnaeus, 1758

Escáncer común

Liscáncer, Boeiro



***Chalcides bedriagai***


(Bosca, 1880)

Esgonzo ibérico




### GAIVOTA ESCURA (*Larus fuscus*)

Xunto coa *G. clara*, son as aves más comúns das illas. Descende da clara, e diferénciase pola cor das ás e lombo, ademais de que a escura se ve no inverno, mentres que a clara é sedentaria. Ás de cor cincenta escura, Patas amareladas. Cabecon estriás grises. Cola branca. O peteiro ocre coa mancha vermella característica. Habita sempre no mar, en zonas rochosas e portos, onde busca mexillóns e crustáceos. Escolle para aniñar lugares amesetados, dotados de vexetación abundosa e localizados na parte alta das illas e illotes. Os niños, construidos con grande cantidad de materia vexetal, normalmente teñen tres ovos. O maior perigo é a competencia polos lugares de aniñamento e a interferencia humana.



GAIVOTA ESCURA (*Larus fuscus*)



### *Podarcis hispanica*

(Steindachner, 1870)

Lagartixa dos penedos



### *Oryctolagus cuniculus*

Lilljeborg, 1874

Coello bravo

COELLO BRAVO (*Oryctolagus cuniculus*). Abondoso nas illas. Común no manto baixo e zonas de arboredo disperso. Vexetariano. É a especie que ten máis predadores, constituindo parte destacada na dieta de varias aves de rapina, mamíferos carnívoros e algúns réptiles. Reprodúcese de xaneiro a xullo. Pare de catro a doce gazapos. Os perigos da especie son: a caza, a mixomatose, a neumonía hemorráxica vírica, os incendios forestais, dezmaron a poboación.


# HOMENAXE

ESTE ANO HONRAMOS A DOUS PONTEVEDRESES.



XOSÉ F. FILGUEIRA V.

Recibe no 96 os títulos de **Doutor Honoris Causa** polas Universidades de Santiago e Vigo. Este nonaxenario investigador é animador do Seminario de Estudios Galegos, Presidente do Consello da Cultura Galega e Director do Museo de Pontevedra desde 1942 a 1986. Recoñecémo-lo mérito deste "investigador, escritor e director de importantes institucións". O 14 de xuño tamén recibiu o título de Fillo Predilecto de Pontevedra.



XESÚS FERRO RUIBAL

En maio leu o Discurso de Ingreso na Real Academia Galega. Pretende incorporar á lingua culta, ás salas da Academia, a fala dos labregos, mariñeiros e artesáns, que non só conservaron a lingua durante séculos difíciles, senón que a enriqueceron con recursos estilísticos de gran riqueza expresiva.

Gracias a eles por conservar este tesouro.

Gracias a ti, Xesús, por rescatalo, e tamén polo Diccionario dos Nomes Galegos, que consultamos ás veces.

# PROTAGONISTAS




Ó remata-lo pasado curso,  
reunímonos con gran emoción,  
pois dúas das nosas mestras  
acadaron felices a xubilación.

As mans repletas,  
o corazón cheo  
de cousas ben feitas  
con grande vocación.  
Cando as clases se queden baleiras  
resoará o eco da súa lección...

Grandes mestras de vida e escola  
¡Ai, Aurora!, ¡Ai, Margarita!  
non esquecerémo-los moitos esforzos  
da vosa entrega e adicación.  
Sempre vos lembrará  
Campolongo.

Esperpento congratúlase con  
**Carlos Lozano Rodríguez**, ex-  
alumno do C. P. Campolongo e  
colaborador asiduo daquela neste  
proxecto, porque acaba de obter  
Premio Extraordinario na  
Licenciatura de Física pola  
Universidade de Santiago, así como  
o Premio Nacional na especialidade.  
A nosa más cordial noraboa a el e á  
súa familia.





## ¡SÁBE-LO que COME...!




Jorge Progo 8ºC




## SEGREDOS


Nela ocúltase unha  
palabra de oito letras.  
As outras están en orde  
correcta de lectura.  
Intenta extrae-la palabra.




XEROGLÍFICO




¿Onde xoga David?



XEROGLÍFICOS



¿COMO SE CHAMA A  
SEÑORÁ?



¿QUEN RACHOU A TEA  
DE ARAÑA?



Responde:

- 1º ¿Que significan as siglas E.X.B.?
  - a) Estamos Xuntando Bolígrafos
  - b) Educación xeral Básica
  - c) Ensinan Xigantes Burradas
- 2º ¿Que tanto por cien do noso planeta está cuberto por auga?
  - a) 30%
  - b) 60%
  - c) 70%
- 3º ¿Que equipo de futbol gañou a liga española de 1983?
  - a) Real Madrid
  - b) Atletico de Bilbao
  - c) Barcelona
- 4º ¿A que equipo pertencia o xogador de baloncesto Corbalán?
  - a) Real Madrid
  - b) Taugrés
  - c) Barcelona
- 5º ¿Por que outro nome se coñece o urogalo?
  - a) Arao
  - b) Pita do Monte
  - c) Pega rabilonga
- 6º ¿Que idade aproximada ten o noso sistema solar?
  - a) Menos de 1000 millóns de anos
  - b) Entre 1000 e 3000
  - c) 5000 millóns de anos
- 7º ¿Nevou algunha vez no deserto do Sáhara?
  - a) Si
  - b) No
- 8º ¿Cal é o porto pesqueiro máis importante de España?
  - a) Toledo
  - b) Vigo
  - c) Coruña
- 9º ¿Un coche que circula a 65 Km/h, ¿Canto tardará en percorrer 570 Km?
  - a) 5 horas
  - b) 3 horas
  - c) 8 horas
- 10º ¿Por que nome se coñece a illa da Ría de Pontevedra?
  - a) Cíes
  - b) Sálvora
  - c) Tambo

Nivel de intelixencia:

- Se acertaches entre:
- 1 e 3 -es mongol
  - 3 a 5 -es subnormal
  - 5 a 7 -es normal
  - 7 a 9 -es listo
  - 9 a 10 -"es un sabeotodo"

Respostas:

- |      |      |       |
|------|------|-------|
| 1º q | 4º v | 7º q  |
| 2º c | 5º q | 8º v  |
| 3º q | 6º c | 9º c  |
|      |      | 10º v |

## Química e saúde.


- ¿A que se parece a nosa escola?
- A un iogurt.
- ¿Por que?
- Porque está "fabricada":
  - . Sen conservantes, pois xa se ve o puco e mal que se conserva.
  - . Sen colorantes, está descolorida total, non veu nunca a pintura nin o lavado de paredes.
  - . Sen aditivos, xa que aquí ningúen engade nada, máis ben quitan os cacos nas fins de semana.
  - . Sen edulcorantes, aquí a vida é moi dura.
  - . Sen espesantes, a pesar de que os hai bastante espesos.

- . Sen acidulantes, e iso que nos amargan a vida bastante.
- . Sen estabilizantes, por máis que os sobresalientes sexan tan pouco estables.
- . Sen gasificantes, por iso é tan difícil facer subi-la nota e aprobar.
- . Sen antioxidantes, o que explica tantas reumas, achaques e fracturas.

## XEROGLÍFICOS.

A      E      K

JICAL É A RIQUEZA  
DE GALICIA?



O FÚTBOL ESTÁ UN POCO TOLO.

O Atlético, favorecido,  
o Barça, enfurruñado,  
e o Deportivo, empobrecido,  
nunca acepta o ocorrido.

Xil, co seu "galletazo",  
polo asunto da televisión,  
mancou ó xerente Fidalgo,  
cun bo coscorrón.

Xil, coma un perexil,  
escondeuse no seu botiquín,  
e a Fidalgo, agora, chámanlle:  
D. Xosé Fidalgo Manporro- Calvo.

Stoichkov, no Parma italiano,  
está coa testa tola,  
quere volver ó Barça,  
para poder toca-la "bola".

Bebeto, coma tolo,  
está buscando equipo,  
non sabe se quedarse aquí,  
ou irse ó Brasil a saca-lo hipo

"Paquete", Molina,  
é "paquete" de porteiro,  
escólleno de xogador de campo,  
e non sei se será millor de dianteiro.

José Miguel Fervenza Casal.  
José Luis Hermoso Buján.



## ENTREVISTA A GABY BEN MODO

O luns, 6 de maio fomos uns rapaces de 8ºA, ás sete do serán, o pavillon dos deportes, a facerlle unha entrevista a Ben Modo, xogador do C.D. Teucro:

.¿Qué opinións nos pode dar desta Liga Asobal que acabou?

-Houbo moitas lesións e o equipo non puido xogar ó seu nivel.

.¿Qué obxetivos teñen na copa?

-Primeiro gañar ó Ademar León e logo xa se verá.

.¿Qué supuxo para o equipo a marca de Fran Teixeira?

-Para mi moi tristura. Pero todos sabemos que terá futuro.

.¿Cal é a súa opinión sobre a canteira do Teucro?

-Ben, moi ben en tódalas categorías.

.¿Cánto tempo adico ó adestramento?

-Na liga 4 horas ó día é fóra da liga 1 hora.

.¿Cómo se coida para ser un bo deportista?

-Moi mal, gústame comer de todo.

.¿Qué pensa de afección teucrista?

-Foi a mellor de España pero agora baixou un pouco.

.Cando unha tempada remata ¿sente pena ou alivio?

-Alivio, chegan as vacacións.

.¿É feliz vivindo en Pontevedra?

-Si, moi feliz

.Se puidese pedir un desexo para o equipo ¿cal sería?

-Que nos pagason o que nos deben.

.¿Cales son os seus deportes favoritos despois do balonmán?

-O surf e o buceo. Este verán

quiero practicalos pero debido a miña lesión no xeonllo non sei se poderei.

.¿Cal foi o seu partido máis importante?

-O ano pasado cando gañamos ó Barcelona.


.E para rematar ¿quere dirixir unhas palabras o Colexio Público Campolongo?

-Gracias por todo e que vos aproben.

Esperamos e desexamos que se solucionen os problemas económicos para este equipo que tantas alegrías deu á mellor afección de España e para seus deportistas que sudades a camiseta e deixades a pel na pista.







Maria Fdez. 7-B Almáº

Colexio Público Campolongo  
Pontevedra